Sobre os hábitos de contratación do Servizo Galego de Saúde

- 37339 (11/POP-005349)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da creación dunha axencia de saúde pública

- 37341 (11/POP-005350)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre o servizo de Pediatría dos concellos de Fornelos de Montes e Pazos de Borbén

- 37343 (11/POP-005351)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina



Sobre a reposición de todos os profesionais de atención primaria no Centro de Saúde de Cuntis

- 37345 (11/POP-005352)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a atención por parte da Xunta de Galicia das peticións dos representantes dos traballadores sanitarios

- 37347 (11/POP-005353)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre os equipos tecnolóxicos incluídos na dotación do Servizo Galego de Saúde cos fondos do Plan de investimento en equipos de alta tecnoloxía

- 37349 (11/POP-005354)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as medidas que está valorando a Xunta de Galicia para axudar o sector conserveiro afectado pola falta de materias primas como consecuencia da invasión rusa en Ucraína

- 37351 (11/POP-005355)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre o cumprimento por parte do Goberno galego do compromiso de garantir o transporte escolar gratuito de maneira permanente para o traslado do instituto Fermín Bouza Brey ao instituto Armando Cotarelo Valledor, en Vilagarcía de Arousa

- 37353 (11/POP-005356)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre a solución ao problema da falta de profesionais facultativos no Centro de Saúde de Ferreira de Pánton

- 37355 (11/POP-005357)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a valoración por parte do Goberno galego respecto do aumento da preferencia polos seguros privados de saúde

- 37357 (11/POP-005358)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da reposición do servizo de Pediatría no Centro de Saúde de Monterroso

- 37359 (11/POP-005359)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina



Sobre a consideración das persoas adictas ao xogo como pacientes do sistema público de saúde

- 37361 (11/POP-005360)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre as cotas atendidas no Centro de Saúde de Baralla

- 37363 (11/POP-005361)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre o tratamento e a atención ás mulleres con endometriose no sistema público de saúde

- 37365 (11/POP-005362)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a postura da Consellería de Sanidade respecto da necesidade de afrontar melloras para aumentar a calidade asistencial en atención primaria para o concello de Ordes

- 37367 (11/POP-005363)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre o tratamento e a atención ás persoas que padecen epilepsia no sistema sanitario de Galicia

- 37369 (11/POP-005364)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para resolver o déficit de profesionais e cambiar o modelo asistencial en atención primaria

- 37371 (11/POP-005365)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre o acordo entre a Consellería de Sanidade e o Concello de Sanxenxo para dar facilidades aos profesionais de primaria que presten servizo no Centro de Saúde de Baltar durante o verán e as previsións do Goberno galego respecto da extensión deste sistema a outros concellos

- 37373 (11/POP-005366)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre as previsións do Goberno galego para resolver os problemas que manifestan os profesionais en relación coa situación dos servizos de medicina interna

- 37375 (11/POP-005367)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre os recursos e a dotación orzamentaria dispoñibles para a implementación de servizos de atención bucodental



- 37377 (11/POP-005368)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre o incumprimento por parte da Xunta de Galicia do acordo de remitir unha proposta de cambio de titularidade de estradas que inclúa a totalidade da estrada provincial EP-8001 (Carracedo-Caldas de Reis-Catoira) coa ponte incluída

- 37379 (11/POP-005369)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a tramitación do proxecto dun novo polígono industrial no lugar da Tarroeira, en Pontecesures

- 37381 (11/POP-005370)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a necesidade dun plan especial de actividade hospitalaria para reducir tempos de espera en consultas, diagnósticos e intervencións cirúrxicas

- 37383 (11/POP-005371)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a necesidade dun plan especial de actividade hospitalaria para reducir tempos de espera en consultas, diagnósticos e intervencións cirúrxicas

- 37384 (11/POP-005372)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre os cambios habilitados e autorizados pola Consellería do Mar en virtude do artigo 9.1.a) da Orde do 15 de xullo de 2015

- 37385 (11/POP-005373)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a atención sanitaria en Lalín e na comarca do Deza

- 37386 (11/POP-005374)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a atención sanitaria en Lalín e na comarca do Deza

- 37387 (11/POP-005375)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a contía dedicada á contratación de sacerdotes no Servizo Galego de Saúde





- 37388 (11/POP-005376)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre o cumprimento da normativa vixente respecto da extracción da mexilla

- 37390 (11/POP-005377)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a implantación do servizo de hospitalización a domicilio

- 37391 (11/POP-005378)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a avaliación da calidade das augas da ría de Arousa

- 37392 (11/POP-005379)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre o incumprimento dos acordos parlamentarios respecto da necesidade de afrontar melloras e avances no Centro Hospitalario Psiquiátrico de Conxo

- 37393 (11/POP-005380)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as previsións do Goberno Galego respecto do cumprimento do Acordo do Parlamento de Galicia relativo á flexibilización da normativa sobre pesca recreativa nos portos galegos

- 37394 (11/POP-005381)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre as previsións do Goberno galego de realizar un plan extraordinario de contratación de persoal nos meses de verán para manter a capacidade asistencial do sistema público de saúde

- 37415 (11/POP-005382)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre a información que ten o Goberno galego a respecto da entrada en servizo na rede ferroviaria de Galicia dos trens Avril que permitan garantir os tempos de viaxe comprometidos polo Goberno central

- 37423 (11/POP-005383)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a construción do centro de saúde de Vilagarcía de Arousa

- 37424 (11/POP-005384)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis



Sobre a política do Goberno galego en relación coa necesidade urxente de implementar unha lexislación que controle e regule a implantación do sector do xogo e das apostas

- 37425 (11/POP-005385)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre os recursos económicos achegados pola Xunta de Galicia nos anos 2020 e 2021 aos concellos galegos para faceren fronte ao incremento de gasto derivado pola aplicación de medidas que eviten a propagación do virus covid-19

- 37427 (11/POP-005386)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre as actuacións máis destacadas incluídas no Plan de reforzos de firme nas estradas galegas que ten previsto executar o Goberno galego no presente exercicio

- 37438 (11/POP-005387)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Díaz Mouteira, María Sol e 6 máis

Sobre o impacto do incremento do prezo da enerxía eléctrica no custo de funcionamento dos sistemas e das estacións de depuración de augas residuais que xestiona a Xunta de Galicia

- 37442 (11/POP-005388)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Díaz Mouteira, María Sol e 6 máis

Sobre os obxectivos que pretende acadar a Xunta de Galicia co novo Plan de seca da Demarcación Galicia-Costa

- 37444 (11/POP-005389)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre as medidas que se adoptaron ou se prevén adoptar por parte da Xunta de Galicia para combater os danos causados polos lumes derivados da tormenta do 14 de xullo nos espazos naturais

- 37450 (11/POP-005390)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre a creación por parte da Xunta de Galicia dun Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais único

- 37452 (11/POP-005391)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre os efectos que producirá o recente Acordo do Parlamento en materia de investigación sanitaria



- 37454 (11/POP-005392)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre os novos programas que puxo en marcha a Xunta de Galicia en 2021 para o desenvolvemento do Plan de saúde mental de Galicia

- 37456 (11/POP-005393)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de próximas actuacións de mellora nos centros de atención primaria de Santiago de Compostela

- 37458 (11/POP-005394)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de próximas actuacións de mellora nos centros de atención primaria de Santiago de Compostela

- 37460 (11/POP-005395)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co desenvolvemento do Plan de infraestruturas sanitarias de Atención Primaria

- 37462 (11/POP-005396)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre o balance da Xunta de Galicia respecto do desenvolvemento da Estratexia galega de enfermidades raras

- 37469 (11/POP-005397)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre a valoración por parte do Goberno galego dos plans do Goberno central á hora de planificar a renovación das liñas de autobuses da súa competencia

- 37471 (11/POP-005398)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e 7 máis

Sobre os próximos pasos previstos respecto das actuacións anunciadas no Complexo Hospitalario de Ourense

- 37473 (11/POP-005399)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e 6 máis

Sobre os avances respecto do desenvolvemento das unidades poscovid na sanidade pública



- 37475 (11/POP-005400)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre as actuacións que ten previsto acometer o Goberno galego en materia de mobilidade sostible con fondos do mecanismo de recuperación e resiliencia da Unión Europea

- 37477 (11/POP-005401)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Sánchez, Rosalía e 6 máis

Sobre as xestións realizadas pola Xunta de Galicia para estender o Protocolo para a atención integral das vítimas por submisión química, elaborado no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, ao resto das áreas sanitarias galegas

- 37479 (11/POP-005402)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre a valoración por parte do Goberno galego dos resultados obtidos tralo reforzamento dos servizos de autobús, en horarios e frecuencias, entre os centros penitenciarios e as poboacións máis próximas

- 37481 (11/POP-005403)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Armada Pérez, José Antonio e 6 máis

Sobre os primeiros resultados derivados do proceso de elaboración do Inventario forestal continuo de Galicia no día de hoxe

- 37483 (11/POP-005404)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a convocatoria pública de subvencións destinadas aos concellos galegos a través do réxime de concorrencia non competitiva

- 37489 (11/POP-005406)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 6 máis

Sobre a valoración e as previsións por parte do Goberno galego dos procesos de reestruturación parcelaria rematados e abertos

- 37491 (11/POP-005407)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o número de accións de investigación, o desenvolvemento e a innovación no sector marítimo-pesqueiro que desenvolveu o Centro de Estudos Tecnolóxicos do Mar dende a súa creación ata a actualidade

- 37493 (11/POP-005408)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis



Sobre o orzamento total de produtos pesqueiros e da acuicultura destinado en 2021 polo Goberno galego ás empresas de transformación polas perdas de ingresos provocadas pola covid-19

- 37495 (11/POP-005409)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o orzamento total destinado aos novos proxectos dos grupos de acción local do sector pesqueiro

- 37497 (11/POP-005410)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre as actividades desenvoltas en 2021 do proxecto Pasaporte REMA (Rede de espazos museísticos atlánticos)

- 37499 (11/POP-005411)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o orzamento que Portos de Galicia destinou ao Plan de renovación de elementos de seguridade das dársenas

- 37501 (11/POP-005412)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o orzamento das axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para tripulantes de buques pesqueiros no ano 2022, así como o balance do Goberno galego respecto do desenvolvemento desta orde dende o ano 2016

- 37503 (11/POP-005413)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre as accións postas en marcha para o inicio do desenvolvemento do Plan da cultura marítima de Galicia

- 37505 (11/POP-005414)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre o balance por parte do Goberno galego das ordes de axudas que convocou ata o momento para contribuír á renovación da frota de taxis de Galicia

- 37507 (11/POP-005415)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o orzamento total destinado aos proxectos colectivos que contribúan á protección e á recuperación da biodiversidade mariña



- 37509 (11/POP-005416)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a valoración do Goberno galego ante a decisión do Goberno de España de invadir competencias autonómicas no referente ao dominio público portuario nos peiraos autonómicos

- 37511 (11/POP-005417)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre o grao de cumprimento da Estratexia de eliminación dos treitos de concentración de accidentes nas estradas da competencia da Xunta de Galicia no período 2016-2020

- 37513 (11/POP-005418)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre a valoración do Goberno galego do Anteproxecto de lei de mobilidade sostible

- 37523 (11/POP-005419)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre as vantaxes que ofrece ao sector o Observatorio de Custos de Transportes de Mercancías por Estrada de Galicia impulsado pola Xunta de Galicia

- 37534 (11/POP-005420)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e 6 máis

Sobre as iniciativas e os servizos de apoio da Xunta de Galicia para a mellora da competitividade das pemes galegas

- 37537 (11/POP-005421)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e 6 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do compromiso do Goberno central con relación ao financiamento dos proxectos estratéxicos que ten Galicia no eido industrial

- 37608 (11/POP-005422)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre a xestión das axudas aprobadas pola Xunta de Galicia por un importe total de 7,2 millóns de euros para as entidades dedicadas á inclusión social e á loita contra a pobreza

- 37610 (11/POP-005423)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Suárez Sarmiento, María Elena e 6 máis

Sobre os beneficios para a cidadanía da transferencia da Escola de Canteiros de Poio da Deputación de Pontevedra cara á Xunta de Galicia



- 37612 (11/POP-005424)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre a valoración realizada pola Xunta de Galicia en relación cos programas educativos que están implantados nos colexios das zonas rural e urbana

- 37614 (11/POP-005425)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre a valoración por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades sobre o sistema de transporte escolar en Galicia

- 37616 (11/POP-005426)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre a situación en que se encontra a elaboración dos novos currículos derivados da aplicación da Lei orgánica pola que se modifica a Lei orgánica de educación para a súa aplicación en Galicia

- 37618 (11/POP-005427)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ferro Iglesias, José Luis e 11 máis

Sobre o estado en que se encontra o proxecto do Centro Galego de Innovación de Formación Profesional de Ourense en canto ao funcionamento e os contidos

- 37620 (11/POP-005428)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre o desenvolvemento por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades das medidas previstas na Estratexia de educación dixital 2030

- 37641 (11/POP-005430)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da oferta, dentro deste ano 2022, dunha alternativa formativa equivalente para o alumnado de bacharelato beneficiario da convocatoria de viaxes de mellora da competencia en linguas estranxeiras

- 37657 (11/POP-005431)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ferro Iglesias, José Luis e 7 máis

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia respecto das actuacións levadas a cabo en relación co Pazo de Meirás

- 37665 (11/POP-005432)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis



Sobre os avances realizados pola Xunta de Galicia no ámbito da Estratexia da cultura galega

- 37680 (11/POP-005433)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o número das primeiras implicacións da Lei 7/2021, do 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia

- 37683 (11/POP-005434)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre a elaboración por parte da Xunta de Galicia de medidas en ciberseguridade para as pequenas e medianas industrias e os pequenos concellos

- 37684 (11/POP-005435)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 4 máis

Sobre as previsións do Servizo Galego de Saúde respecto dos catorce centros de saúde da área sanitaria de Vigo aos que se lles acaba de restrinxir a actividade das unidades de atención primaria

- 37685 (11/POP-005436)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre a cobertura das prazas vacantes de médicos de familia do Centro de Saúde de Redondela

- 37686 (11/POP-005437)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 4 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da instalación dunha nova estación depuradora de augas residuais en Oia

- 37687 (11/POP-005438)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da achega de recursos económicos para a promoción de rutas aéreas no aeroporto de Peinador, en Vigo

- 37689 (11/POP-005439)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co apoio ao desenvolvemento turístico da cidade de Vigo

- 37690 (11/POP-005440)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis





Sobre as actuacións da Axencia de Turismo de Galicia para a mellora do turismo de cruceiros no porto de Vigo

- 37691 (11/POP-005441)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do establecemento da rebaixa das peaxes da autoestrada do Val Miñor, AG-57

- 37692 (11/POP-005442)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun novo plan de I+D+I na undécima lexislatura cunha maior dotación orzamentaria que permita duplicar o gasto nesas materias para situar Galicia na media española, o cumprimento dos obxectivos do Plan Galicia innova 2020 e o seu grao de execución

- 37694 (11/POP-005443)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da paralización por parte da Autoridad Portuaria de Vigo de calquera proxecto que supoña novos recheos na ría e da realización dun estudo que permita diferenciar as actividades que precisan estar na terminal de Bouzas

- 37695 (11/POP-005444)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da apertura dun proceso de diálogo cos concellos e coas deputacións para estudar e redefinir os posibles cambios no actual Mapa de xeodestinos turísticos de Galicia, así como o desenvolvemento dun marco normativo para eses espazos

- 37696 (11/POP-005445)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre as intencións do Goberno galego respecto do establecemento da gratuidade do aparcadoiro do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, para todas as persoas usuarias, e en especial para as persoas que acudan a vacinarse

- 37697 (11/POP-005446)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da solicitude do Concello de Vigo de alugar catorce locais desocupados ao Consorcio do Casco Vello de Vigo

- 37698 (11/POP-005447)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis



Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do soterramento da avenida de Beiramar, en Vigo

- 37700 (11/POP-005448)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 5 máis

Sobre as previsións da Consellería de Sanidade respecto da emisión urxente dun informe sanitario vinculante para que o Concello de Vigo poida construír a estación de tratamento de auga potable do Casal, así como do cofinanciamento desta obra

- 37702 (11/POP-005449)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o balance da Xunta de Galicia respecto do traballo realizado para custodiar e mellorar o patrimonio documental galego que conforma o Sistema de arquivos de Galicia

- 37703 (11/POP-005450)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do peche de camas e da redución da lista de agarda nas operacións, nos meses de verán, nos hospitais de Vigo Álvaro Cunqueiro e O Meixoeiro

- 37704 (11/POP-005451)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre a aceptación do proxecto do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana de construción como alternativa dun túnel no tramo pendente da A-52, O Porriño-Vigo

- 37622 (11/POP-005452)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre os traballos, programas e liñas de actuación que se están a planificar no marco do Plan LÍA de bibliotecas escolares de Galicia

- 37706 (11/POP-005453)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre a promoción turística internacional de Galicia

- 37707 (11/POP-005454)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre a implantación e o financiamento dunha liña de autobús directa que conecte o centro de Vigo co aeroporto de Peinador

- 37708 (11/POP-005455)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis



Sobre o motivo para a non-inclusión das illas Cíes e a illa de Cortegada na convocatoria para desenvolver accións con perspectiva turística en bens de interese cultural dentro do Plan nacional Xacobeo do Goberno de España

- 37709 (11/POP-005456)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 4 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da súa colaboración no financiamento da renovación e da modernización das pistas de atletismo de Balaídos, en Vigo

- 37710 (11/POP-005457)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da colaboración cos concellos para estender a conectividade dixital da poboación galega

- 37711 (11/POP-005458)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto das obras de renovación de beirarrúas e a mellora da seguridade peonil na PO-331, no tramo pola parroquia de Vincios, e na PO-340 entre Gondomar e Tui

- 37712 (11/POP-005459)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto das obras de renovación de beirarrúas e a mellora da seguridade peonil na PO-331, no tramo pola parroquia de Vincios, e na PO-340 entre Gondomar e Tui

- 37713 (11/POP-005460)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da realización das obras de ampliación do instituto de educación secundaria Pedro Floriani e da reparación das fiestras do centro de educación infantil e primaria plurilingüe Alexandre Bóveda, en Redondela

- 37714 (11/POP-005461)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre o custo para a Xunta de Galicia da campaña de promoción turística entre mozos e mozas realizada por *instagrammers*

- 37715 (11/POP-005462)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre os criterios en que se baseou a concesión ao xornalista Carlos Herrera do título de embaixador de honra do Camiño e Santiago



- 37717 (11/POP-005463)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre a cesión, mediante un convenio, por parte da Xunta de Galicia ao Concello de Baiona da segunda fase do proxecto Humanización da travesía interior de Sabarís

- 37718 (11/POP-005464)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para garantir a plena asistencia sanitaria de atención primaria no Centro de Saúde de Moaña

- 37719 (11/POP-005465)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para solucionar o problema que teñen algúns peregrinos cando non hai prazas nos albergues públicos, e as causas da falta de previsión ao respecto

- 37720 (11/POP-005466)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 6 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia con respecto á derogación do artigo da Lei da Área Metropolitana de Vigo que condiciona a súa constitución á integración nun plan de transporte metropolitano de Galicia

- 37722 (11/POP-005467)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre a inclusión nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 dunha partida suficiente para executar as obras da estrada autonómica PO-363 que permita mellorar a mobilidade e a seguridade en Redondela

- 37723 (11/POP-005468)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre o financiamento por parte da Xunta de Galicia, cos fondos que recibirá do Goberno de España, da escola infantil da praza da Industria, en Vigo

- 37725 (11/POP-005469)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións de Portos de Galicia para ampliar e reformar a nave de redeiras de Cangas

- 37726 (11/POP-005470)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis



Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da garantía da limpeza diaria dos autobuses da empresa que realiza a liña Vigo-A Guarda

- 37727 (11/POP-005471)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre as medidas que vai tomar a Xunta de Galicia para mellorar a atención de pediatria dos cativos e cativas de Vigo

- 37728 (11/POP-005472)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun verdadeiro programa para impulsar o turismo fóra da tempada estival co fin de desestacionalizalo

- 37729 (11/POP-005473)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre a elaboración por parte do Goberno galego dalgún plan sobre a oferta turística nas zonas rurais

- 37730 (11/POP-005474)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para a redacción do proxecto de construción da senda peonil e ciclista na PO-313, en Moaña

- 37731 (11/POP-005475)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre a data prevista polo Goberno galego para a cobertura da praza de facultativo vacante por xubilación no consultorio médico de Goián, no concello de Tomiño

- 37732 (11/POP-005476)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para cubrir as prazas vacantes de médicos de familia e de pediatras no Centro de Saúde da Guarda

- 37733 (11/POP-005477)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do control dos contratos de despregamento de fibra óptica que cobre os concellos de Galicia

- 37734 (11/POP-005478)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis



Sobre as previsións da Xunta de Galicia para a posta en marcha dunha nova escola infantil na antiga Escola Unitaria de Atios, no municipio do Porriño

- 37735 (11/POP-005479)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre os prazos de execución da remodelación do antigo Hospital do Rebullón, en Mos, para convertelo nun centro de saúde, nunha residencia para maiores, nun centro de coidados intermedios e nunha escola infantil

- 37736 (11/POP-005480)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para acometer as reformas do centro de educación infantil e primaria Fontes-Baíña e do centro de educación primaria Sabarís, de Baiona

- 37747 (11/POP-005481)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Domínguez, Sandra e 7 máis

Sobre a valoración por parte do Goberno galego do anticipo de pagos da Política Agraria Común

- 37760 (11/POP-005482)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 5 máis

Sobre a modificación por parte da Xunta de Galicia dos traballos de prevención de incendios forestais e de xestión de biomasa tendentes a evitar a aparición dos lumes de sexta xeración

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2022

María Elena Candía López

Vicepresidenta 1ª





Achégolle certificado do acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023, de acordo co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Asemade, achégase o informe de estratexia financeiro-fiscal, igualmente establecido nese precepto legal.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





DIEGO CALVO POUSO, VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICA:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día un de agosto de dous mil vinte e dous adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1. O límite máximo de gasto non financeiro da Xunta de Galicia para 2023 fíxase en 12.599 millóns de euros.
2. Este límite poderá axustarse na variación dos ingresos do sistema de financiamento e fondos finalistas que incorpore o proxecto de lei de orzamentos da Administración Xeral do Estado, así como na minoración dos axustes de contabilidade nacional sempre que non afecte a taxa de referencia de déficit adoptada.
3. O vicepresidente segundo e conselleiro da Presidencia, Xustiza e Deportes remitirá ao Parlamento de Galicia o presente acordo acompañado da documentación á que se refire o parágrafo 1 do artigo 12 da Lei 2/2011, de 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia.

E para que conste asino a presente, co visto a praxe do sr. Presidente, en Santiago de Compostela a un de agosto de dous mil vinte e dous.




Visto e praxe

O PRESIDENTE







# ORZAMENTOS 2023

---

## INFORME de ESTRATEXIA FINANCEIRO FISCAL

Artigo 11.2 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2022

Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos  
Consellería de Facenda e Administración Pública





## Índice

Introdución .....	3
1. Escenario Económico .....	5
1.1. O entorno internacional da economía galega .....	6
1.2. Situación da economía española.....	9
1.3. Evolución recente da economía galega.....	17
1.4. Escenario macroeconómico 2022 – 2023 .....	22
1.5. Crecemento potencial e output gap.....	24
1.6. Saldo orzamentario axustado ciclicamente.....	29
1.7. Taxa de referencia.....	33
2. Escenario Financeiro .....	34
2.1. Recursos de contabilidade nacional para o teito de gasto .....	38
2.2. Límite de gasto non financeiro do orzamento consolidado.....	48
Anexo I .....	54



## INTRODUCCIÓN

O límite de gasto non financeiro permite establecer o tope cuantitativo do orzamento do vindeiro exercicio en función das expectativas de ingresos, do obxectivo de estabilidade orzamentaria<sup>1</sup> e das restantes regras fiscais coas que debe gardar coherencia.

Como paso previo á determinación das anteriores magnitudes fiscais, compechar un escenario macroeconómico de referencia.

O traballo de prospección económica que desenvolve o Instituto Galego de Estatística e leva á determinación do antedito escenario, é mollar por dous motivos:

1. Determina as variables económicas que condicionan a evolución dos ingresos públicos, sendo por tanto a base da estimación do escenario de ingresos, xunto coas previsións de recadación do exercicio en curso e as elasticidades de cada figura de ingresos. Ademais a estimación do PIB e do seu deflactor serán tamén a referencia para a cuantificación do obxectivo de estabilidade orzamentaria (medido en necesidade ou capacidade de financiamento en termos de contabilidade nacional sobre o PIB).
2. Determina a situación cíclica da economía galega comparando o PIB real estimado e o potencial. Esta situación debe determinar o sesgo da política fiscal da comunidade autónoma. Por tanto, determina a posición cíclica da economía galega e o saldo cíclico e estrutural da mesma; así como a taxa de referencia da economía galega que debe

<sup>1</sup> A Lei Orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, establece que no primeiro semestre de cada ano, o Goberno de España, mediante acordo do Consello de ministros, e previo informe do Consello de política fiscal e financeira das comunidades autónomas, fixará os obxectivos de estabilidade orzamentaria dos diferentes niveis de administración territorial, que se medirá en termos de necesidade ou capacidade de financiamento segundo a definición do sistema europeo de contas nacionais e rexionais; no mesmo acordo fixará os obxectivos de endebedamento público.

Para a fixación do devandito obxectivo terase en conta a regra de gasto definida no artigo 12 da devandita lei orgánica e o saldo estrutural acadado no exercicio inmediato anterior.



marcar a evolución tendencial das diferentes políticas de gasto no seu conxunto.

Por todo elo a Lei 2/2011, de disciplina orzamentaria e sostibilidade financeira de Galicia, no seu artigo 12 obriga ao Consello da Xunta a acordar o límite de gasto non financeiro dos Orzamentos da comunidade autónoma para o vindeiro exercicio<sup>2</sup>, e á súa remisión ao Parlamento xunto cun informe de estratexia financeiro-fiscal no que se basean os cálculos que dan pe ao devandito límite.

O contido do presente informe recolle, a maiores dunha breve introdución explicativa dos obxectivos e contido do mesmo, dous grandes apartados.-

-Un apartado económico, no que se establece o escenario económico da comunidade autónoma de forma coherente cos informes dos grandes axentes emisores de informes de conxuntura económica da nosa contorna (informe de primavera da Comisión Europea, OCDE e FMI e os informes do Banco de España e AIREF).

-Un apartado financeiro, que baixo os supostos de evolución económica prevista e os límites acordados para as diferentes regras fiscais no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira, establece unha proposta de límite de gasto non financeiro para 2023.

---

<sup>2</sup> Con posterioridade á norma autonómica, a Lei Orgánica 2/2012 no seu artigo 30 recolle a obriga de elaborar un teito de gasto para as comunidades autónomas, ao sinalar que as comunidades autónomas aprobarán un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos.



## 1. ESCENARIO ECONÓMICO

En Galicia, a Lei 2/2011 de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, no artigo 11 indica que con carácter previo á elaboración dos orzamentos, elaboraranse uns escenarios de previsión plurianual que se recollerán nun informe de estratexia financeiro - fiscal, que fixará o marco orzamentario para os tres exercicios seguintes e ao que se axustarán anualmente os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

A Orde do 4 de xullo de 2016 pola que se ditan as instrucións para a elaboración dos escenarios orzamentarios da Comunidade Autónoma de Galicia establece que o Instituto Galego de Estatística (IGE), como axente responsable do subsistema de prospectiva económica, elaborará informes de situación económica que sirvan de base para a elaboración dos escenarios e que deberán conter, como mínimo o seguinte:

- a. Un cadro macroeconómico que explique a evolución en termos reais do PIB desde a óptica da demanda, así como a evolución do PIB en termos nominais.
- b. Análise de posición cíclica da economía galega e saldo cíclico do sector público autonómico de Galicia, crecemento potencial, output gap e saldo cíclico orzamentario.
- c. Cálculo da taxa de crecemento medio de referencia nominal e real de Galicia.



### 1.1.0 entorno internacional da economía galega

A invasión de Ucraína, ademais dunha grave crise humanitaria, está a provocar unha perturbación económica de dimensións considerables a nivel mundial, pero de xeito especial en Europa.

O incremento dos prezos dos produtos enerxéticos e das materias primas están a tensionar os custes de produción e prezos doutros produtos básicos, o que afecta en especial á poboación máis vulnerable; as disrupcións nas cadeas de subministracións, motivadas principalmente pola evolución da pandemia en China, afondan nas mesmas tensións e dificultan a recuperación que se prevía despois de superar os peores momentos da pandemia.

Ademais, os bancos centrais, para conter a inflación, están a endurecer a súa política monetaria, elevando os tipos de interese, o que está a afectar principalmente aos países máis endebedados e con menor marxe de actuación na política fiscal.

As previsións máis recentes dos principais organismos internacionais: Fondo Monetario Internacional (FMI), Organización para la Cooperación y el Desarrollo Económicos (OCDE) e Comisión Europea recollen un crecemento máis débil da economía mundial no ano 2022 respecto ao que se prognosticaba o ano pasado.

A economía mundial podería crecer ata un 3,6% tanto no ano 2022 como 2023, segundo o FMI. Tanto a OCDE como a Comisión Europea prognostican unhas taxas máis moderadas, entre o 3,0% e o 3,2% no 2022, e entre o 2,8% e o 3,5% no 2023.



**Previsións macroeconómicas. PIB Volume. Taxas de variación interanual en %**

	FMI (abril 2022)		OCDE (xuño 2022)		Comisión Europea (xullo 2022) <sup>(2)</sup>	
	2022	2023	2022	2023	2022	2023
<b>PIB Mundial</b>	<b>3,6</b>	<b>3,6</b>	<b>3,0</b>	<b>2,8</b>	<b>3,2</b>	<b>3,5</b>
Área Euro <sup>(1)</sup>	2,8	2,3	2,6	1,6	2,6	1,4
Francia	2,9	1,4	2,4	1,4	2,4	1,4
Alemaña	2,1	2,7	1,9	1,7	1,4	1,3
Italia	2,3	1,7	2,5	1,2	2,9	0,9
Portugal	4,0	2,1	5,4	1,7	6,5	1,9
<b>España</b>	<b>4,8</b>	<b>3,3</b>	<b>4,1</b>	<b>2,2</b>	<b>4,0</b>	<b>2,1</b>
Reino Unido	3,7	1,2	3,6	0,0	3,4	1,6
Estados Unidos	3,7	2,3	2,5	1,2	2,9	2,3
Xapón	2,4	2,3	1,7	1,8	1,9	1,8
Marrocos	1,1	4,6	--	--	--	--
México	2,0	2,5	1,9	2,1	2,2	2,6
Brasil	0,8	1,4	0,6	1,2	0,7	1,5
China	4,4	5,1	4,4	4,9	4,6	5,0
India	8,2	6,9	6,9	6,2	7,4	6,5
<b>Comercio mundial de bens e servizos</b>	<b>5,0</b>	<b>4,4</b>	<b>--</b>	<b>--</b>	<b>--</b>	<b>--</b>

Fontes: FMI, OCDE e Comisión Europea

(1) A OCDE elabora previsións da Área Euro constituída por 17 países.

(2) A actualización de xullo da Comisión Europea só inclúe os países da Unión Europea. Para o resto de países as previsións son de maio.

Utilizando como fonte de información o FMI, as economías avanzadas<sup>3</sup>, moi afectadas pola inflación e as dificultades nas cadeas de subministros, presentan comportamentos diferenciados: a maioría dos países da área do euro son importadores netos de enerxía de Rusia, polo que a suba dos prezos ten un maior impacto.

No seu conxunto, os países do euro crecerán un 2,8% en 2022 e un 2,3% en 2023. Alemaña, un dos países máis dependentes da enerxía rusa, crecerá un 2,1% en 2022 e un 2,7% en 2023. Francia crecerá máis en 2022 (2,9%) que en 2023 (1,4%); as previsións para Italia son dun incremento do 2,3% en 2022 e do 1,7% en 2023 e Portugal crecerá un 4,0% en 2022 e un 2,1% en 2023. Para Estados Unidos prevese un crecemento do 3,7% en 2022 e do 2,3% en 2023, cun impacto máis limitado da guerra de Ucraína, ao ter menos vínculos comerciais que as economías europeas. Reino Unido crecerá un 3,7% en 2022 e un 1,2% en 2023.

<sup>3</sup> Estados Unidos, zona euro, Xapón, Reino Unido, Canadá son as principais economías incluídas neste grupo.



A previsión para as economías emerxentes e desenvolvidas<sup>4</sup> é dunha taxa do 3,8% en 2022 e do 4,4% en 2023. As diferenzas entre os distintos países son significativas: a evolución da economía chinesa ven marcada polas restricións derivadas da evolución epidemiolóxica, o que reduce o seu crecemento en 2022 ata o 4,4%. Países como Brasil ou México, aínda que teñen menos vínculos comerciais con Europa, tamén vense afectados pola inflación e presentan crecementos moderados nos próximos anos.

Nos seguintes parágrafos detállanse as previsións dispoñibles para os principais países da economía mundial e cos que mantemos relacións comerciais e que, polo tanto, teñen unha maior influencia na economía galega. Estes países son Estados Unidos, China, os principais da zona euro e Reino Unido. Para o seguimento dos países utilízanse principalmente os datos da Comisión Europea por ser os máis recentes (xullo).

Como se indicaba en parágrafos anteriores, a guerra de Ucraína e as sancións a Rusia dificultan o crecemento económico na área do euro, e xa se empezou a notar no primeiro trimestre de 2022, como reflicten as diferenzas entre as taxas de variación intertrimestrais previstas pola Comisión Europea en febreiro e os datos reais: Alemaña creceu un 0,2%, dúas décimas menos que o previsto; España creceu catro décimas menos (0,2%, cando a previsión era dun 0,6%); para Italia prevíase un crecemento do 0,3%, que se reduciu ata o 0,1%. Porén Portugal, cun crecemento intertrimestral do 2,6% superou o valor previsto (0,5%).

A Comisión Europea acaba de revisar á baixa as súas previsións para os países da área euro; as consecuencias económicas da guerra estanse a materializar cunha ralentización do crecemento económico e un incremento da inflación máis intenso do que se prevía uns meses antes.

A economía da área do euro crecerá o 2,6% en 2022 (1,4 puntos menos que nas previsións de inverno e unha décima menos que nas previsións de primaveira), e o 1,4% en 2023 (1,3 puntos menos que nas previsións de inverno e nove décimas menos que nas de primaveira). Entre os principais países, a economía portuguesa será a que máis crecerá en 2022, 6,5%, seguida de España, 4,0%. Francia crecerá un 2,4%, Alemaña un 1,4% e Italia un 2,9%. Para o ano 2023 as previsións son menos favorables: España crecerá un 2,1%, Portugal un 1,9%, Francia un 1,4%, Alemaña un 1,3% e Italia un 0,9%. Respecto das previsións anteriores, na actualización de xullo revisa á baixa o crecemento en 2022 de Francia, Alemaña e Italia, mantén o mesmo

<sup>4</sup> Rusia, China, India, Indonesia, Malasia, Brasil, México, Arxentina, países do norte de África e de Oriente medio e subsaharianos forman este grupo.





crecemento para España e revisa o de Portugal á alza. Para o ano 2023 apunta a un menor crecemento do que se prevía en maio nas principais economías europeas: reduce a previsión para España 1,3 puntos, para Alemaña 1,1 puntos, para Italia 1 punto, para Portugal 0,8 puntos e para Francia 0,4 puntos.


## 1.2. Situación da economía española

### 1.2.1. Escenario macroeconómico


España foi un dos países máis afectados pola crise sanitaria no ano 2020, cunha caída do PIB do 10,8%, concentrando o descenso no segundo trimestre do ano. Desde mediados de 2021 comezou a recuperación da actividade, axudada polo avance na vacinación, aínda que con dificultades pola novas ondas da pandemia e os problemas de oferta a nivel internacional. A estas limitacións sumáronse a finais do ano a suba dos prezos da electricidade e o gas, que se intensificaron neste ano 2022 pola guerra de Ucraína, que tamén provoca un incremento a nivel internacional do prezo dos cereais.

Nos seguintes gráficos, con datos diarios do ano 2021 e primeira metade de 2022, obsérvase a forte subida do prezo do gas natural e do petróleo acadando o valor máis elevado a principios do mes de marzo e manténdose durante este ano en niveis superiores aos do ano 2021.

*Prezo do gas natural (TTF). Datos diarios*



*Prezo do petróleo Brent. Datos diarios*




Fonte: Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital



Esta integración facilita que o persoal médico e de enfermaría poida coñecer de forma inmediata a información que contén o sistema IANUS sobre as persoas que internan nos seus centros, e entre a que se atopan as patoloxías previas que padeceran, ou os tratamentos farmacolóxicos que están a seguir.

Ademais, permitirá tamén que unha vez estas persoas saian dos centros penitenciarios, o persoal sanitario que os atenda con posterioridade conte cun expediente dixital integrado e completo, onde figurará toda a súa experiencia sanitaria tamén durante a estancia nos centros penitenciarios.

Por outro lado, o acordo entre Xunta e Institucións Penitenciarias tamén prevía a participación do persoal sanitario das prisións de Pereiro de Aguiar, Outeiro de Rei, Monterroso, A Lama e Curtis nos cursos de formación que ofertase a Xunta de Galicia aos seus profesionais do eido sanitario, en función da dispoñibilidade de prazas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que avances ten realizado a Xunta de Galicia ata o momento no desenvolvemento do convenio asinado co Ministerio do Interior para a mellora da asistencia sanitaria que se presta nos centros penitenciarios da Comunidade Autónoma de Galicia?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**Asinado dixitalmente por:**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 08/07/2022 13:52:13**

**Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 08/07/2022 13:52:29**

**María Corina Porro Martínez na data 08/07/2022 13:52:39**

**José Alberto Pazos Couñago na data 08/07/2022 13:52:53**

**Noelia Pérez López na data 08/07/2022 13:53:06**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**López Sánchez, Rosalía na data 08/07/2022 13:53:21**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 08/07/2022 13:53:32**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## Á Mesa do Parlamento

**Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Corina Porro Martínez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Xunta de Galicia aposta pola mellora continua e polo impulso e construción de novas infraestruturas e servizos en ámbitos tan esenciais coma o sanitario.

De feito, o Goberno galego ten previsto destinar 34 M€ a este fin ao longo do ano 2022, en concreto: 26 M€ para construción de novas edificacións de Atención Primaria, e outros 4,2 M€ para obras de reforma en centros de saúde das sete áreas sanitarias.

Tamén haberá un orzamento de 3,2 M€ para a climatización en centros de saúde e 1,5 M€ adicionais para a renovación de equipamento nas infraestruturas do primeiro nivel asistencial.

Estas partidas concretaranse tras a licitación dos respectivos contratos.

Con este esforzo inversor o Goberno que preside Alfonso Rueda Valenzuela, quere seguir facendo do Servizo Galego de Saúde un dos sistemas máis eficientes e de mellor calidade de España.

Ademais, tras as melloras operadas nos centros hospitalarios, centra os seus esforzos prioritarios na Atención Primaria, de tal xeito que se porá á disposición da cidadanía galega infraestruturas con alta capacidade de resolución e no espazo máis próximo ao paciente.

Galicia é hoxe unha das autonomías nas que os seus cidadáns teñen maior esperanza de vida, co consecuente requirimento de servizos de atención e coidado da saúde, pero tamén mostra do compromiso do persoal sanitario e dos gobernantes na procura da excelencia.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno: Que previsións ten a Xunta de Galicia en relación co desenvolvemento do Plan de Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**Asinado dixitalmente por:**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 11/07/2022 09:50:16**

**Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 11/07/2022 09:50:41**

**María Corina Porro Martínez na data 11/07/2022 09:50:55**

**José Alberto Pazos Couñago na data 11/07/2022 09:51:09**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**Noelia Pérez López na data 11/07/2022 09:51:24**

**López Sánchez, Rosalía na data 11/07/2022 09:51:40**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 11/07/2022 09:51:52**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## Á Mesa do Parlamento

**Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Corina Porro Martínez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A atención aos pacientes diagnosticados cunha enfermidade rara precisa dunha abordaxe específica pola alta complexidade destas patoloxías, xa que as enfermidades raras poden afectar a múltiples órganos e sistemas, cunha ampla diversidade de síntomas e desordes incluso dentro da mesma patoloxía.

A Xunta de Galicia aprobou o 7 de maio de 2021 a Estratexia Galega de Enfermidades Raras.

O seu obxectivo é o de establecer un novo modelo asistencial para este tipo de doenzas que garanta un prazo de diagnóstico máis reducido, unha menor variabilidade no manexo e unha xestión máis áxil, coordinada e eficaz.

Ademais, en novembro do 2020, aprobábase neste Parlamento unha iniciativa na que se instaba a Xunta de Galicia a crear unidades multidisciplinares para a abordaxe destes pacientes, o texto literal do acordo é o seguinte: «O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a crear unidades funcionais multidisciplinares que proporcionen atención especializada aos pacientes con enfermidades raras e garantan uns tempos máximos para as súas consultas e probas. Do mesmo xeito, tamén se consolidará a rede de investigación sanitaria pública dotándoa de recursos para ter un maior coñecemento destas patoloxías que permitan un diagnóstico máis temperán, redundando así nun maior beneficio para as doentes.»

O pasado mes de febreiro iniciaron o seu funcionamento tres unidades nas áreas sanitarias de A Coruña, Santiago e Vigo.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que balance fai a Xunta de Galicia sobre o desenvolvemento da Estratexia Galega de Enfermidades Raras?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





**Asinado dixitalmente por:**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 11/07/2022 09:55:47**

**Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 11/07/2022 09:56:08**

**María Corina Porro Martínez na data 11/07/2022 09:56:22**

**José Alberto Pazos Couñago na data 11/07/2022 09:56:35**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**Noelia Pérez López na data 11/07/2022 09:56:54**

**López Sánchez, Rosalía na data 11/07/2022 09:57:12**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 11/07/2022 09:57:23**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## Á Mesa do Parlamento

**José Manuel Balseiro Orol, Carmen María Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, María Sol Díaz Mouteira, María Begoña Freire Vázquez, Rubén Lorenzo Gómez e María Belén Salido Maroño**, deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

O Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana está a deseñar o novo mapa de concesións de transporte colectivo por estrada de competencia estatal no que se antepón o beneficio económico en detrimento do servizo público e que reducirá aínda máis a capacidade de mobilidade dos galegos, xa condicionada polas características diferenciais da nosa Comunidade Autónoma, cunha situación xeográfica periférica, unha forte dispersión e o avellentamento da poboación. Así, de entrada, deixará a 23 concellos e a preto de 140.000 galegos sen parada de autobús estatal.

O pasado 6 de xullo, no marco da reunión extraordinaria da Conferencia Nacional de Transportes, o Goberno galego trasladou ao Goberno central a súa queixa pola redución de servizos e os prexuízos que para os galegos, especialmente os que viven no medio rural, suporá este novo mapa concesional, do que pediu a súa rectificación ou retirada.

Preocupados polo que poderán supoñer os recortes que pretende o Goberno de España no eido do transporte público por estrada de titularidade estatal, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

- Que valoración fai o Goberno galego dos plans do Goberno central á hora de planificar a renovación das liñas de autobuses da súa competencia?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

### Asinado dixitalmente por:

**José Manuel Balseiro Orol na data 20/07/2022 10:31:20**

**Carmen María Pomar Tojo na data 20/07/2022 10:31:43**

**Ramón Carballo Páez na data 20/07/2022 10:32:11**

**María Sol Díaz Mouteira na data 20/07/2022 10:32:31**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**Freire Vázquez, María Begoña na data 20/07/2022 10:32:43**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 20/07/2022 10:32:54**

**María Belén Salido Maroño na data 20/07/2022 10:33:08**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## Á Mesa do Parlamento

**Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Noelia Pérez López, Marisol Díaz Mouteira, Encarna Amigo Díaz, Corina Porro Martínez, Alberto Pazos Couñago, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Grazas ao investimento realizado pola Xunta de Galicia nos últimos anos, o Complexo Hospitalario Universitario de Ourense ten mudado e mellorado as prestacións do Hospital.

A execución da primeira fase do Plan Director, iniciada a finais do ano 2017, cun investimento de mais de 43M€ permitiu ampliar notablemente a superficie do Hospital.

Un total de 55.000 m2 nos que a meirande parte corresponden á nova área de hospitalización.

As obras permitiron reordenar os servizos do hospital e a centralización no novo edificio os servizos de Medicina Interna, Oncoloxía, Hematoloxía, Neumoloxía, Endocrinoloxía, Reumatoloxía, Psiquiatría, Traumatoloxía, Cirurxía Xeral, Neuroloxía.

Neurocirurxía, a nova Unidade de Hospitalización Innovadora e a Cuberta Terapéutica.

Ademais coas obras creáronse novos espazos para a docencia, unha nova cociña central, a nova sala de autopsias, etc...

O Conselleiro de Sanidade ten anunciado neste Parlamento que nos orzamentos do 2021 se incluíron 10M€ para a primeira fase da reprogramación funcional do Complexo, no que está prevista a construción dun novo edificio e a reforma do hospital materno infantil.

Por isto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cales son os próximos pasos previstos respecto as actuacións anunciadas no Complexo Hospitalario de Ourense?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**Asinado dixitalmente por:**

**Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 08/07/2022 13:22:34**

**Noelia Pérez López na data 08/07/2022 13:22:47**

**María Sol Díaz Mouteira na data 08/07/2022 13:23:02**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 08/07/2022 13:23:16**

**María Corina Porro Martínez na data 08/07/2022 13:23:31**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**José Alberto Pazos Couñago na data 08/07/2022 13:23:47**

**López Sánchez, Rosalía na data 08/07/2022 13:23:59**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 08/07/2022 13:24:10**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





## Á Mesa do Parlamento

**Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Corina Porro Martínez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A experiencia e o coñecemento adquiridos nos últimos anos respecto da covid-19 permitiu mellorar o tratamento que se lles presta aos pacientes afectados por esta enfermidade, tanto a aqueles que requiren hospitalización como aos que pasan o virus nos seus fogares.

Con todo, moitos destes pacientes, tras superar a enfermidade, sofren importantes secuelas e efectos secundarios relacionados coa covid-19.

Hai constancia de diversa sintomatoloxía: afectación pulmonar, afectacións cardiovasculares, arritmias, miocardites, insuficiencias cardíacas e afectacións neurolóxicas, entre as que as máis frecuentes son a dor de cabeza, a vertixe, a perda do gusto e do olfacto, e en casos máis graves, ictus, inestabilidade na marcha, etc...

Para atender esta circunstancia e ofrecer o seguimento oportuno dun xeito multidisciplinar a Consellería de Sanidade creou as Unidades Postcovid, hoxe presentes nas sete áreas sanitarias.

Conformadas por un variado número de profesionais sanitarios especialistas, estas unidades permiten unha atención máis especializada aos pacientes, así como realizar todas as probas necesarias para comprobar a súa evolución, o que evita moitos trámites e consultas intermedias e ofrece unha atención máis efectiva d de maior calidade.

Por isto , os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cales son os avances respecto do desenvolvemento das unidades postcovid na sanidade pública?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2022



**Asinado dixitalmente por:**

**Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 08/07/2022 13:26:58**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 08/07/2022 13:27:13**

**María Corina Porro Martínez na data 08/07/2022 13:27:33**

**José Alberto Pazos Couñago na data 08/07/2022 13:27:47**

**Noelia Pérez López na data 08/07/2022 13:27:59**

**López Sánchez, Rosalía na data 08/07/2022 13:28:16**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**María Elena Suárez Sarmiento na data 08/07/2022 13:28:26**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## Á Mesa do Parlamento

**José Manuel Balseiro Orol, Carmen María Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, María Sol Díaz Mouteira, María Begoña Freire Vázquez, Rubén Lorenzo Gómez e María Belén Salido Maroño**, deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

O Goberno galego, en consonancia coas directrices marcadas pola Unión Europea, aposta por unha mobilidade o máis verde e sostible posible.

Para cumprir este obxectivo e para aproveitar os fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), a Administración autonómica está a traballar en tres liñas de actuación en materia de infraestruturas para as que reservou máis de cinco millóns de euros no orzamento do presente exercicio 2022.

Unha é a dotación de aparcadoiros en zonas próximas ás principais vías de entrada ás cidades de Galicia para facilitar que se compartan os vehículos e conectados coa rede de servizos de transporte público colectivo, outra o acondicionamento e mellora das paradas de autobús en estradas de titularidade autonómica para conformar paradas seguras e o outra, a construción de sendas na contorna das grandes cidades que permita unha conexión segura con equipamentos de interese, como poden ser, por exemplo, os hospitais.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

- Que actuacións ten previsto acometer o Goberno galego en materia de mobilidade sostible con fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2022

### Asinado dixitalmente por:

**José Manuel Balseiro Orol** na data **20/07/2022 10:39:59**

**Carmen María Pomar Tojo** na data **20/07/2022 10:40:46**

**Ramón Carballo Páez** na data **20/07/2022 10:41:02**

**María Sol Díaz Mouteira** na data **20/07/2022 10:41:32**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



**Freire Vázquez, María Begoña na data 20/07/2022 10:41:46**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 20/07/2022 10:42:02**

**María Belén Salido Maroño na data 20/07/2022 10:42:15**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## Á Mesa do Parlamento

**Rosalía López Sánchez, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Corina Porro Martínez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Elena Suárez Sarmiento**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Tal e como avanzou o Conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, nunha recente intervención parlamentaria, a Xunta traballa na extensión do protocolo para casos de submisión química a todas as áreas sanitarias.

Esta ferramenta deseñouse por primeira vez a finais do ano 2021 no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense ante a chegada ao servizo de urxencias dese centro de varios casos sospeitosos.

Eran fundamentalmente mulleres novas, con falla de recordos de varias horas, que estaban de festa e, de repente, non sabían dicir que fixeran ou onde estiveran.

O protocolo establece os pasos precisos co obxecto de detectar e acreditar o uso de determinadas substancias, como burundanga, ketamina ou escopolamina, para dobrigar a vontade dunha persoa, fundamentalmente coa finalidade de agredila sexualmente.

Esta ferramenta deseñouse grazas á colaboración entre o CHUO, a Unidade de Atención á Familia e Muller da Policía Nacional, a Audiencia Provincial e o Imelga.

Os sanitarios son o primeiro chanzo para detectar os casos, pero tamén é preciso que interveñan os policía, os xuíces de garda e os forenses (no caso de que a sospeita sexa que a vítima, despois de ser drogada, sufrixe un atentado contra a súa liberdade e indemnidade sexual).

A toma de mostras e a súa custodia é fundamental de cara a un futuro proceso xudicial, de darse o caso.

E é precisamente neste punto onde o protocolo foi actualizado nestes tres meses dende a súa posta en marcha, en particular, no referido á custodia de mostras, incluíndo tamén un tubo máis de analíticas.



Aínda que o peche do ocio nocturno, polas restricións impostas para tratar de frear o avance do coronavirus, puido influír na diminución do número de casos, a súa reapertura poderá supoñer un agravamento da situación.

Neste contexto o protocolo poderá servir, ademais, como unha medida disuasoria de cara a posibles agresores.

En Urgencias se hai sospeitas e a vítima quere denunciar (no caso dos menores de idade, a decisión recaerá nos proxenitores) avisarase á Policía Nacional e activarase o protocolo de recollida de mostras, nun proceso que se fai en presenza dos axentes; ademais, darase traslado ao xulgado de garda. Comeza así a investigación.

Si se tivera producido unha agresión sexual o protocolo activado incluírá tamén a intervención dos médicos do Servizo de Xinecoloxía, que farán unha exploración física concreta para este tipo de situacións, e do forense.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que xestións ten feito a Xunta de Galicia para estender o protocolo para a atención integral da vítimas por submisión química elaborado no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHOU) ao resto das áreas sanitarias galegas?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2022





**Asinado dixitalmente por:**

**López Sánchez, Rosalía na data 11/07/2022 10:01:41**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 11/07/2022 10:01:54**

**Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 11/07/2022 10:02:10**

**María Corina Porro Martínez na data 11/07/2022 10:02:23**

**José Alberto Pazos Couñago na data 11/07/2022 10:02:37**

**Noelia Pérez López na data 11/07/2022 10:02:52**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 11/07/2022 10:03:18**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## Á Mesa do Parlamento

**José Manuel Balseiro Orol, Carmen María Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, María Sol Díaz Mouteira, María Begoña Freire Vázquez, Rubén Lorenzo Gómez e María Belén Salido Maroño**, deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

A Xunta de Galicia elaborou un estudo, pioneiro en España, que tiña como obxectivo dotar os cinco centros penitenciarios existentes en Galicia -o penal de Teixeiro, o de Bonxe, o de Monterroso, o do Pereiro de Aguiar e o da Lama- de mellores servizos de autobús, de tal xeito que se incrementaran as frecuencias e que os horarios se axustaran ás quendas de visitas destes centros.

Para acadar os obxectivos propostos, a Dirección Xeral de Mobilidade contou coa participación dos responsables dos diferentes centros penitenciarios que achegaron as súas suxestións e foron incorporadas ao plan de mellora.

A iniciativa englobase na mellora continua dos servizos de autobús que vén realizando o Goberno galego e sitúa a comunidade como a primeira en dispor dun proxecto específico para atender as necesidades de mobilidade dos usuarios que se desprazan aos centros penais para visitar aos internos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

- Que valoración fai o Goberno galego dos resultados obtidos tras reforzar os servizos de autobús, en horarios e frecuencias, entre os centros penitenciarios e as poboacións máis próximas?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2022

### Asinado dixitalmente por:

**José Manuel Balseiro Orol na data 20/07/2022 10:50:18**

**Carmen María Pomar Tojo na data 20/07/2022 10:50:41**

**Ramón Carballo Páez na data 20/07/2022 10:50:57**

**María Sol Díaz Mouteira na data 20/07/2022 10:51:11**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**Freire Vázquez, María Begoña na data 20/07/2022 10:51:24**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 20/07/2022 10:51:36**

**María Belén Salido Maroño na data 20/07/2022 10:51:49**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## A Mesa do Parlamento

**José Antonio Armada Pérez, Elena Candia López, Daniel Vega Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, Belén Cachafeiro Anta e Miguel Prado Patiño**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Galicia é unha das comunidades autónomas españolas con maior superficie forestal, o 69% da superficie do territorio galego é forestal.

Trátase dun territorio caracterizado por cambios de uso frecuentes e pola importancia económica da masa forestal. As masas dedicadas á produción de madeira, concentrada nos montes de particulares, cun alto grao de parcelación, e nos montes veciñais, en grandes unidades de explotación, supoñen o 4% da superficie arborizada dedicada á produción de madeira de España e nela prodúcese mais do 50% da madeira cortada no Estado.

Lembramos que unha das tarefas que adoptou o Goberno galego ao abeiro das recomendacións do Ditame da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, é a elaboración dun Inventario Forestal de Galicia.

Un Inventario Forestal Continuo que achegue información do estado dos recursos dos montes galegos para abordar as políticas forestais, responder a problemas específicos e valorar o impacto destas políticas no apoio e o desenvolvemento dun sector estratéxico para o rural galego, como é o forestal.

Esta recomendación facíase eco dunha demanda histórica das principais organizacións que forman o sector forestal na nosa Comunidade.

Para a súa elaboración, asinouse un convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo, conformando unha comisión mixta de profesionais, con representantes de todas as entidades asinantes, para o desenvolvemento do Inventario Forestal Continuo de Galicia.

O obxectivo final é levar a cabo un seguimento exhaustivo da cantidade e do estado das masas arboradas, así como a creación dun sistema de monitorización forestal continuado.

Este inventario é un instrumento básico para coñecer e recoñecer a realidade da superficie forestal de Galicia e avanzar así nunha mellora da súa xestión.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



E por isto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

En que consisten os primeiros resultados derivados do proceso de elaboración do Inventario Forestal Continuo de Galicia a día de hoxe?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**José Antonio Armada Pérez na data 12/07/2022 18:31:39**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**María Elena Candia López na data 12/07/2022 18:31:55**

**Daniel Vega Pérez na data 12/07/2022 18:32:22**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 12/07/2022 18:32:41**

**Raquel Arias Rodríguez na data 12/07/2022 18:32:58**

**Cachafeiro Anta, Belén na data 12/07/2022 18:33:20**

**Prado Patiño, Jesús Miguel na data 12/07/2022 18:33:34**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario, ten entre os seus obxectivos garantir a prestación adecuada dos servizos de abastecemento de auga cando exista un episodio de seca, tendo en conta os recursos hídricos dispoñibles, e establecer as normas e as medidas para o aproveitamento dos recursos hídricos nos períodos en que exista un episodio de seca, co fin de reducir a vulnerabilidade fronte a este evento, buscando unha garantía no abastecemento á poboación en equilibrio co medio natural e tendo en conta os posibles efectos do cambio climático.

A dita lei establece na disposición adicional segunda que, no prazo máximo de dous anos, contado desde a entrada en vigor desta lei, todas as administracións públicas responsables dos sistemas de abastecemento á poboación deberán levar a cabo unha auditoría co obxecto de cuantificar as perdas de auga nas súas instalacións de abastecemento en alta e de subministración en baixa, establecendo as auditorías municipais de abastecemento e os plans de actuacións para a minimización das perdas de auga como un instrumento indispensable para diagnosticar e atallar as perdas do recurso hídrico nas redes e axudar a que os responsables dos sistemas de abastecemento estean mellor preparados ante eventos climáticos extremos como os provocados por unha ausencia prolongada de precipitacións.

Con estes argumentos, a entidade Augas de Galicia publicou no Diario Oficial de Galicia do 8 de xullo a Resolución do 23 de xuño de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrència non competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga, como unha medida de cooperación necesaria destinada aos concellos responsables de sistemas de abastecemento á poboación cunha poboación total igual ou inferior a 50.000 habitantes e cun crédito de 300.000 euros e no seu artigo 11 se establece a documentación complementaria que debe achegar cada concello solicitante electronicamente, xunto coa solicitude:





- a) Resolución do órgano competente do concello solicitante pola que se acorde a solicitude da subvención ao abeiro desta resolución, con data anterior á finalización do prazo de presentación de solicitudes, en que conste expresamente que se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na resolución.
- b) Orzamento detallado, que describirá con claridade os conceptos, cantidades e o seu prezo unitario para a realización da auditorías municipais de abastecemento para minimizar as perdas de auga.
- c) Unha declaración asinada pola persoa titular da alcaldía-presidencia en que se indique que realizaron as tarefas de revisión, actualización e confirmación da información do abastecemento do concello solicitante na ferramenta Sisbagal (Sistema de información de servizos básico de augas en Galicia) <https://sisbagal.xunta.gal> con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2022.

Para o suposto de non se presentar esta declaración, deberá achegarse xunto coa solicitude a seguinte documentación:

- Unha memoria xustificativa do obxecto da auditoría municipal de abastecemento para minimizar as perdas de auga, en que se indique expresamente, polo menos, o seguinte: unha listaxe dos puntos de captación e/ou importación/exportación de auga a outros concellos ou sistemas de abastecemento, estacións de tratamento de auga potable (ETAP), estacións de bombeo de auga potable, depósitos de auga de cabeceira e de distribución do concello, incluíndo a súa localización en coordenadas UTM fuso 29 ETRS89, a listaxe dos núcleos de poboación conectados a cada depósito ou punto de subministración e a poboación aproximada dos núcleos conectados.
- Planos a escala de suficiente detalle (1:10.000 ou menor) onde se representen, como mínimo, os puntos de captación e/ou importación/exportación de auga a outros concellos ou sistemas de abastecemento, estacións de tratamento de auga potable (ETAP), estacións de bombeo de auga potable, depósitos de auga de cabeceira e de distribución do concello e os núcleos de poboación conectados a cada depósito ou punto de subministración.

Os planos deberán conter unha lenda suficiente que permita a súa interpretación e estar o máis actualizados posible, non sendo admisibles aqueles nos cales non conste a data da súa realización nin os realizados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2021.



Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Cales son as razóns polas que, unha vez máis, a Xunta de Galicia convoca subvencións dirixidas a concellos en réxime de concorrencia non competitiva?

Pazo do Parlamento, 20 de xullo de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/07/2022 10:05:31**

**Paloma Castro Rey na data 20/07/2022 10:05:48**

**Pablo Arangüena Fernández na data 20/07/2022 10:06:01**



## A Mesa do Parlamento

**Elena Candia López, José Antonio Armada Pérez, Daniel Vega Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, Belén Cachafeiro Anta e Miguel Prado Patiño**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

En Galicia apostamos polos instrumentos que contribúen a un uso máis eficiente e sostible da terra agraria a través da ordenación dos usos do solo rural e da minoración dos predios abandonados, co beneficio que isto supón para a loita contra incendios e o medio ambiente, e contribuíndo así á orientación das explotacións cara unha produción competitiva e sostible que eleve, consecuentemente, o nivel de vida dos profesionais do sector primario de Galicia.

Estes instrumentos teñen o obxecto de mellorar a base territorial das explotacións agrícolas, gandeiras e forestais de Galicia no marco da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (METAGA) e da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (Lei de recuperación).

Os instrumentos regulados en ámbalas dúas leis favorecen a mobilidade da terra agraria mediante a reorganización técnica e xurídica da propiedade, reducindo o índice de parcelación, clarificando a propiedade, acondicionando os terreos e mellorando a accesibilidade ás distintas fincas mediante a execución de nova rede viaria ou a mellora da existente, favorecendo deste xeito a reordenación dos usos agroforestais, as permutas ou a explotación comunitaria, entre outras. Estas operacións deben levarse a cabo de tal maneira que se asegure a protección dos valores naturais, patrimoniais e paisaxísticos do territorio.

Os procesos de reestruturación parcelaria pretender paliar o minifundismo existente na nosa Comunidade autónoma dende o punto de vista da estrutura da propiedade, polo que podemos consideralos como unha ferramenta fundamental na reorganización do territorio.

Tal e como se anunciou nos orzamentos da Xunta de Galicia, para o 2022 a Consellería do Medio Rural conta con 12 millóns de euros para poder finalizar ditos procesos e seguir declarando novas parcelarias.

Dende o Grupo Parlamentario Popular apostamos polo impulso deste tipo de procesos e consideramos que estas novas concentracións parcelarias correspóndense cunha



concepción moderna da mellora das estruturas, orientadas a favorecer o desenvolvemento económico das explotacións.

Así mesmo, o pasado 22 de maio de 2021 entraba en vigor a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, que recolle o marco xeral para a xestión da terra agroforestal, a súa ordenación de usos, a loita contra o seu abandono e o fomento da súa recuperación, có fin de poñer a producir as terras arestora abandonadas e infrautilizadas e de facilitar a terra a quen a desexa traballar.

Tal e como recolle esta lei, ademais deste instrumento fomentaranse os polígonos agroforestais, as agrupacións de xestión conxunta da terra, a iniciativa das aldeas modelo ou as permutas de especial interese agrario, entre outros.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego e que previsión ten sobre os procesos de reestruturación parcelaria rematadas e abertas?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2022



**Asinado dixitalmente por:**

**María Elena Candia López na data 12/07/2022 18:26:26**

**José Antonio Armada Pérez na data 12/07/2022 18:26:52**

**Daniel Vega Pérez na data 12/07/2022 18:27:07**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 12/07/2022 18:27:25**

**Raquel Arias Rodríguez na data 12/07/2022 18:27:38**

**Cachafeiro Anta, Belén na data 12/07/2022 18:27:54**

**Prado Patiño, Jesús Miguel na data 12/07/2022 18:28:06**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## Á Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Begoña Freire Vázquez, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación Cetmar, dependente da Consellería do Mar, conmemorou en 2021 o seu vinte aniversario como referente internacional na investigación, o desenvolvemento e a innovación no sector marítimo-pesqueiro.

A traxectoria desta institución fixo posible a execución de proxectos e servizos en diferentes liñas de traballo, entre elas, están a loita contra a contaminación mariña, a xestión sostible dos recursos mariños, a valorización de subprodutos e a seguridade alimentaria. Outras áreas das iniciativas desenvolvidas polo Cetmar son a monitorización mariña e costeira, o desenvolvemento de novas tecnoloxías para o estudo do medio mariño, a formación marítima e a divulgación da cultura oceánica e do coñecemento no ámbito da socioeconomía da pesca en diferentes aspectos relacionados coa gobernanza, a xestión pesqueira ou os mercados.

Durante estes 20 anos de traxectoria, a institución galega traballou da man de máis de 1.800 socios de preto de 60 países e colaboradores dos ámbitos da investigación, da universidade, da Administración, así como das empresas e asociacións e entidades vinculadas ao sector marítimo-pesqueiro.

Este labor estendeuse ao eido da cooperación internacional nunha vintena de países de África e América Latina, onde o Cetmar colaborou no reforzo dos sectores produtivos da pesca e da acuicultura rural, ou no desenvolvemento de plans estratéxicos e de formación. Deste xeito o centro participou en numerosos consorcios cun equipo multidisciplinar de preto de 300 traballadores con experiencia nos ámbitos marítimo-pesqueiro e acuícola.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:  
Que balance fai a Xunta de Galicia das accións que desenvolveu o CETMAR nestes 20 anos dende a súa creación?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 15/07/2022 10:27:36**

**José Manuel Balseiro Orol na data 15/07/2022 10:27:50**

**Ana Belén García Vidal na data 15/07/2022 10:28:04**

**Freire Vázquez, María Begoña na data 15/07/2022 10:28:16**

**Manuel Santos Costa na data 15/07/2022 10:28:27**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**María Elena Suárez Sarmiento na data 15/07/2022 10:28:39**

**Daniel Vega Pérez na data 15/07/2022 10:28:55**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





## Á Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Begoña Freire Vázquez, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O sector da pesca constitúe un sector estratéxico para o desenvolvemento da nosa Comunidade.

Este sector da pesca, tan importante para Galicia, vese especialmente afectado polas perturbacións do mercado xeradas por un descenso significativo da demanda como consecuencia do brote da COVID-19.

O descenso da demanda e dos prezos, unido á vulnerabilidade e á complexidade da cadea de subministración, converteu en deficitarias as operacións das froas pesqueiras e da produción de peixe e marisco.

Como consecuencia da situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola COVID-19 e para protexer a saúde e seguridade dos cidadáns, conter a progresión da enfermidade e reforzar o sistema de saúde pública, o 14 de marzo de 2020 o Goberno de España declarou o estado de alarma a través da publicación do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

No artigo 15 desta norma recóllese que se debe garantir o abastecemento alimentario, de forma que se asegure o funcionamento dos centros de produción de alimentos, entre os que están as empresas de transformación dos produtos da pesca e da acuicultura que, como consecuencia da pandemia, sufriron importantes perdas económicas.

Así, DOG do 28 de xuño de 2021 publicaba a orde pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións para compensar as empresas de transformación dos produtos pesqueiros e da acuicultura que tivesen perdas de produción entre o 1 de febreiro e o 31 de decembro de 2020 como consecuencia do brote da COVID-19, independentemente do seu tamaño, cofinanciadas co Fondo



Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e no DOG do 7 de decembro publicábase unha ampliación de crédito desta orde.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal foi o orzamento de produtos pesqueiros e da acuicultura total, destinado en 2021 polo Goberno galego ás empresas de transformación polas perdas de ingresos provocadas pola covid-19?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2022



**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 15/07/2022 10:36:47**

**José Manuel Balseiro Orol na data 15/07/2022 10:37:03**

**Ana Belén García Vidal na data 15/07/2022 10:37:17**

**Freire Vázquez, María Begoña na data 15/07/2022 10:37:29**

**Manuel Santos Costa na data 15/07/2022 10:37:41**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 15/07/2022 10:37:52**

**Daniel Vega Pérez na data 15/07/2022 10:38:08**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## Á Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Begoña Freire Vázquez, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Os grupos de acción local do sector pesqueiro dan continuidade aos antigos grupos de acción costeira (GAC) e son asociacións sen ánimo de lucro colaboradoras da Consellería do Mar como axentes de desenvolvemento na aplicación da Estratexia de desenvolvemento local participativo da zona pesqueira e na xestión e control das axudas que se tramitan para o desenvolvemento desa estratexia.

A actividade dos oito grupos que hai en Galicia dentro do programa operativo do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca contribúe a mellorar a transformación, comercialización e posta en valor das producións pesqueiras, ao desenvolvemento dun sector turístico sustentable, á creación de empresas e á xeración de emprego e á diversificación do sector a través de iniciativas complementarias da actividade pesqueira como o turismo mariñeiro.

Tamén contribúe á conservación e á valorización do patrimonio natural e cultural marítimo-pesqueiro.

A Consellería do Mar aprobou no ano 2021, 144 novos proxectos dos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP), e prevén a creación de arredor de 65 empregos a tempo completo.

Máis da metade das iniciativas aprobadas, un total de 80, son produtivas, é dicir, de orientación empresarial ou profesional.

Os 64 proxectos restantes son non produtivos, é dicir, aqueles que non supoñen o inicio ou desenvolvemento dunha actividade económica.

Entre as iniciativas subvencionadas atópanse as que teñen como obxectivo o apoio á diversificación dentro e fóra da pesca comercial, á aprendizaxe permanente e á creación de emprego nas zonas pesqueiras.

Tamén hai accións para aumentar o valor dos produtos pesqueiros, atraer mocidade ao sector e a promoción e innovación en todas as fases da cadea de subministración dos produtos da pesca e da acuicultura.



No caso dos proxectos non produtivos, entre os obxectivos fundamentais está o fomento do benestar social e do patrimonio cultural e ambiental das zonas pesqueiras e acuícolas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é o orzamento total destinado aos novos proxectos dos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP)?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2022



**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 15/07/2022 10:40:46**

**José Manuel Balseiro Orol na data 15/07/2022 10:40:59**

O Concello de Vigo renovará e modernizará as instalacións de atletismo de Balaídos cun cambio integral que suporá un investimento de máis de 7,67 millóns de euros.

A obra suporá un cambio integral das instalacións, integrando un módulo cuberto, así como vestiarios, almacéns, zonas técnicas de competición e unha grada cuberta. Tamén se instalará unha nova torre de cronometraxe e unha nova iluminación. Ademais, renovarase o pavimento da pista e humanizarase a zona e o peche das instalacións.

Estas instalacións deportivas non só son utilizadas por deportistas vigueses, senón tamén de moitos outros lugares da provincia, para o que se entende que son instalacións supramunicipais e, por iso, o Goberno galego debería colaborar na súa reparación.

O Grupo Parlamentario Socialista trasladou á Xunta de Galicia a través das emendas aos Orzamentos Autonómicos de 2022 a demanda á que nos acabamos de referir, sendo rexeitada esta emenda polo Goberno Autonómico, o que pon de manifesto o mínimo interese por parte do Executivo autonómico en colaborar no financiamento da reparación da pistas de atletismo de Balaídos.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai colaborar a Xunta de Galicia no financiamento da renovación e modernización das pista de atletismo de Balaídos ubicada na cidade de Vigo ó longo do ano?

Pazo do Parlamento, 21 de xullo do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán  
Noelia Otero Lago  
Julio Torrado Quintela  
Paloma Castro Rey  
Pablo Arangüena Fernández



Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 21/07/2022 11:08:59**

**Noelia Otero Lago na data 21/07/2022 11:09:05**

**Julio Torrado Quintela na data 21/07/2022 11:09:13**

**Paloma Castro Rey na data 21/07/2022 11:09:21**

**Pablo Arangüena Fernández na data 21/07/2022 11:09:29**



## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Martín Seco García**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O mundo está en plena Transformación Dixital, como resultado da aparición e implantación dun amplo conxunto de tecnoloxías que están provocando e provocarán grandes cambios na actividade produtiva da maioría dos sectores económicos, contribuíndo a reforzar a súa competitividade e potenciar o desenvolvemento e, á súa vez, incidindo directamente no progreso económico e social dos distintos países.

O 5G, xunto con outras tecnoloxías a intelixencia artificial, a análise avanzada de datos, a automatización de procesos, a robótica, a realidade virtual e aumentada, a impresión 3D ou os drones, entre outros, son a pedra angular desta dixitalización, caracterizada por un cambio tecnolóxico cada vez máis dinámico e constante.

No ámbito económico e empresarial, o 5G terá un impacto significativo positivo en aspectos como a mellora da competitividade, a produtividade, eficiencia no uso dos recursos produtivos, ou en termos de maior calidade ou rendemento dos produtos ou servizos que se xeran en distintos sectores económicos.

No ámbito do impacto ambiental, as redes 5G están chamadas a ser un elemento clave para avanzar na transformación do entorno dixital e ecolóxico de empresas, persoas, fogares e a sociedade no seu conxunto. Estas transformacións terán un impacto directo na creación e desenvolvemento de riqueza dos distintos Estados e rexións, e na transición cara a unha economía descarbonizada. Galicia debe estar nesta transformación, senón volveremos a quedar rezagados do resto de España e de Europa



A situación excepcional derivada da pandemia da COVID-19 acelerou o proceso de dixitalización, destacando os puntos fortes e tamén as lagoas tanto dende o punto de vista económico, social e territorial. De feito, durante os meses de restrición da mobilidade, demostrouse en xeral a capacidade e resistencia das redes de telecomunicacións para cubrir unha situación extrema de superconectividade, con incrementos con respecto a 2019 de ata 50 % en voz fixa, 30 % en voz móbil, 20 % en datos en rede fixa e 50 % en tráfico de datos móbiles. Ademais, consolidouse o protagonismo dos servizos audiovisuais dixitais como ben de consumo xeneralizado no lecer e entretemento.

A conectividade en Galicia debería mellorar para estrar plenamente na Transformación Dixital, pero para iso o Goberno galego ten que colaborar cos concellos para estender a conectividade ao 100% da poboación galega e acelerar o despregamento de redes e servizos 5G.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai a colaborar a Xunta de Galicia cos concellos para estender a conectividade ao cen por cento da poboación galega e acelerar o despregamento de redes e servizos 5G?

Pazo do Parlamento, 21 de xullo do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Martín Seco García  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 21/07/2022 11:45:46**





**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 21/07/2022 11:45:53**

**Martín Seco García na data 21/07/2022 11:46:07**



## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Na vila de Gondomar as estradas de titularidade autonómica PO-331 entre Porriño e Gondomar e a P0-340 entre Gondomar e Tui están totalmente abandonadas. Estas estradas necesitan a mellora urxente por parte da Xunta de Galicia.

Na estrada autonómica PO-331 no tramo pola parroquia de Vincios os veciños e veciñas levan anos reclamado a mellora das beirarrúas, que se atopan en moi mal estado, así como a mellora da seguridade viaria nun punto de alto tránsito de vehículos.

O Goberno municipal de Gondomar intentou en múltiples ocasións que a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade renovara estas beirarrúas nos seus diferentes tramos e demandando a necesidade da instalación neste tramo de varios pasos recrecidos, así como unha rede semaforica que permita a mellora da seguridade peonil. Sen ter ningunha resposta por parte do Goberno autonómico.

O viario de titularidade autonómica P0-340 entre Gondomar e Tui, tamén se atopa nun estado de total abandono por parte da Xunta de Galicia. En moitos tramos deste viario as beirarrúas atópanse intransitables e noutros tramos son directamente inexistentes. O Concello de Gondomar solicitou varias veces a mellora deste tramo para a seguridade e accesibilidade da veciñanza desta vila.

Este problema está causando malestar entre a veciñanza desta vila que demanda unha solución a estes problemas. A realidade é que estas beirarrúas son totalmente inaccesibles, rotas, con tramos inexistentes e con elementos que entorpecen o paso de calquera cadeira de rodas ou carro de bebé.

A Xunta de Galicia ten que arranxar estas beirarrúas de titularidade autonómica situadas no Concello de Gondomar para mellorar a mobilidade das veciñas e veciños desta vila.

Por todo isto solicitamos dende o Grupo Parlamentario Socialista que se comecen as obras de renovación o antes posible nas beirarrúa da PO-331 entre Porriño e



Gondomar, no seu tramo por Vincios, así como da P0-340 entre Gondomar e Tui por atoparse nun estado de total abandono por parte da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai a Xunta de Galicia a realizar, antes de que remate o ano, a obra de renovación das beirarrúas da PO-331 no seu tramo pola parroquia de Vincios e a instalación neste tramo de varios pasos recrecidos, así como unha rede semafórica que permita a mellora da seguridade peonil en Gondomar?

Pazo do Parlamento, 21 de xullo do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Patricia Otero Rodríguez

Eduardo Ojea Arias

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 21/07/2022 11:48:55**

**Patricia Otero Rodríguez na data 21/07/2022 11:49:03**

**Eduardo Ojea Arias na data 21/07/2022 11:49:13**





## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Na vila de Gondomar as estradas de titularidade autonómica PO-331 entre Porriño e Gondomar e a P0-340 entre Gondomar e Tui están totalmente abandonadas. Estas estradas necesitan a mellora urxente por parte da Xunta de Galicia.

Na estrada autonómica PO-331 no tramo pola parroquia de Vincios os veciños e veciñas levan anos reclamado a mellora das beirarrúas, que se atopan en moi mal estado, así como a mellora da seguridade viaria nun punto de alto tránsito de vehículos.

O Goberno municipal de Gondomar intentou en múltiples ocasións que a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade renovara estas beirarrúas nos seus diferentes tramos e demandando a necesidade da instalación neste tramo de varios pasos recrecidos, así como unha rede semaforica que permita a mellora da seguridade peonil. Sen ter ningunha resposta por parte do Goberno autonómico.

O viario de titularidade autonómica P0-340 entre Gondomar e Tui, tamén se atopa nun estado de total abandono por parte da Xunta de Galicia. En moitos tramos deste viario as beirarrúas atópanse intransitables e noutros tramos son directamente inexistentes. O Concello de Gondomar solicitou varias veces a mellora deste tramo para a seguridade e accesibilidade da veciñanza desta vila.

Este problema está causando malestar entre a veciñanza desta vila que demanda unha solución a estes problemas. A realidade é que estas beirarrúas son totalmente inaccesibles, rotas, con tramos inexistentes e con elementos que entorpecen o paso de calquera cadeira de rodas ou carro de bebé.

A Xunta de Galicia ten que arranxar estas beirarrúas de titularidade autonómica situadas no Concello de Gondomar para mellorar a mobilidade das veciñas e veciños desta vila.

Por todo isto solicitamos dende o Grupo Parlamentario Socialista que se comecen as obras de renovación o antes posible nas beirarrúa da PO-331 entre Porriño e



Gondomar, no seu tramo por Vincios, así como da P0-340 entre Gondomar e Tui por atoparse nun estado de total abandono por parte da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten pensado o Goberno galego realizar, antes de que remate o ano, a obra de renovación das beirarrúas da P0-340 entre Gondomar e Tui que permitiría mellorar a mobilidade e seguridade en Gondomar?

Pazo do Parlamento, 21 de xullo do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Patricia Otero Rodríguez

Eduardo Ojea Arias

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 21/07/2022 11:50:02**

**Patricia Otero Rodríguez na data 21/07/2022 11:50:09**

**Eduardo Ojea Arias na data 21/07/2022 11:50:19**



## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A delegada territorial da Xunta de Galicia en Vigo, acompañada polo xefe territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, reuniuse en maio de 2021 coa alcaldesa de Redondela, nesta xuntanza trataron varias cuestións relacionadas co ámbito educativo. Entre elas, dende a Xunta de Galicia informouse da próxima licitación das obras de ampliación do IES Pedro Floriani, que incorporará catro novas aulas, dando resposta á demanda existente.

Case un ano despois, a Xunta de Galicia non cumpre o acordado nesa reunión de maio do ano pasado. Por este motivo, o Consello Escolar de Redondela, órgano consultivo e de participación de todos os sectores implicados no ensino, acordou na súa última reunión esixirlle ó Goberno galego que realice de xeito urxente diferentes obras nos centros e que afronte os compromisos adquiridos coa comunidade educativa, como é a ampliación do IES Pedro Floriani de Redondela.

Algunhas das obras esixidas levan máis dun ano agardando, como a reparación das fiestras do C.E.I.P. Plurilingüe Alexandre Bóveda de Chapela, ou a ampliación do IES Pedro Floriani, obra tan demandada pola comunidade educativa desta vila.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten pensado o Goberno galego realizar de maneira urxente as obras de ampliación do IES Pedro Floriani de Redondela para dar resposta á demanda existente nesta vila?

Pazo do Parlamento, 21 de xullo do 2022

**Asinado dixitalmente por:**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)





**María Leticia Gallego Sanromán na data 21/07/2022 11:51:34**

**Noelia Otero Lago na data 21/07/2022 11:51:40**

**Noa Susana Díaz Varela na data 21/07/2022 11:51:47**



## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A finais de marzo deste ano, seis *instagrammers* galegos percorreron varias etapas dun dos itinerarios do Camiño de Santiago a petición da Xunta de Galicia. O obxectivo era levar a cabo unha campaña de promoción turística entre mozos e mozas que sigan os pasos dos seis artistas e influencers nas súas redes sociais.

O vicepresidente primeiro, do que depende a área de turismo, foi o encargado de dar a coñecer o 26 de marzo os nomes dos seis peregrinos: a actriz Cristina Castaño; os cantantes Roi Méndez e Luis Cepeda; e os influencers Natalia Maquieira, Tamara García Romero e Xurxo Carreño.

Entre o 30 de marzo e o 3 de abril realizaron cinco etapas, entre Ourense e Santiago, da Vía da Prata. O compromiso dos seis foi compartir vídeos e imaxes nos seus perfís de Instagram sobre a experiencia e cos hashtags #GaliciaDestinoSeguro e #CamiñaAGalicia.

O vicepresidente primeiro defendeu a medida como unha vía para chegar aos seguidores destes famosos, convertidos en "embaixadores do Camiño" para acceder ás xeracións máis novas que interactúan de forma máis intensa nas redes sociais.

Unha iniciativa similar organizouse xa en 2021. O ano pasado foron catro as persoas con seguidores nas redes -Martíño Rivas, Cristina Cerqueiras, Gala González e Xurxo Carreño, que repetiu en 2022- realizaron catro etapas do Camiño Portugués da Costa. Acadaron 13 millóns de visitas coas súas publicacións, segundo a Xunta de Galicia.



Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal foi o coste total para a Xunta de Galicia da campaña de promoción turística entre mozos e mozas realizada por *instagrammers* nestes dous últimos anos?

Pazo do Parlamento, 21 de xullo do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 21/07/2022 11:52:50**

**Martín Seco García na data 21/07/2022 11:52:57**



## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O día 13 de maio de 2022 publicouse no Diario Oficial de Galicia o Decreto 55/2022, do 28 de abril, polo que se concede o título de Embaixador de Honra do Camiño de Santiago, a título persoal, ao xornalista Carlos Herrera Crusset. En atención ao labor de divulgación, promoción e coñecemento do Camiño de Santiago e dos valores xacobeos.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cales son os méritos polos que se lle concede a Carlos Herrera o título de Embaixador de Honra do Camiño de Santiago?

Pazo do Parlamento, 21 de xullo do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 21/07/2022 11:59:40**

**Martín Seco García na data 21/07/2022 11:59:48**





## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O 20 de maio de 2016 asinouse un convenio de colaboración entre a extinta Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, cuxo obxecto era o de acometer unha actuación na contorna da Praza Victoria Cadaval e no tramo da rúa Julián Valverde, dende o cruce coa rúa José Pereira Troncoso ata a rúa Porta do Sol, enmarcada na Fase II do concurso de ideas da “ Humanización da Travesía Interior de Sabarís” en Baiona.

A travesía interior de Sabarís executaríase en tres fases: Fase I rúa Julián Valverde, Fase II Praza Victoria Cadaval e Fase III correspondente á rúa Porta do Sol e Areas.

Trala execución das fases primeira e terceira, o Concello de Baiona pretende impulsar a execución das obras correspondentes a parte da segunda fase, concretamente no ámbito da contorna da Praza Victoria Cadaval, dada a necesidade de intervención urxente nesa zona por causa das deficiencias existentes nas redes de saneamento, pluviais e fecais, en aras da protección do medio ambiente, salubridade pública, á vez que se propón a creación dun espazo para a veciñanza de Sabarís.

O goberno municipal de Baiona quere recuperar o proxecto da humanización da segunda fase de Sabarís. Este proxecto dotado de 1,2 millóns de euros onde a Consellería de Medioambiente, Territorio e Vivenda acometería a reforma de la praza Victoria Cadaval e a súa contorna.

Desde finais de 2019 a situación agravouse , provocando a rescisión do convenio en xullo de 2020, alegando a Consellería de Medioambiente, Territorio e Vivenda o incumprimento por parte do Concello de Baiona das súas obrigas, pola imposibilidade do goberno local de verificar a dispoñibilidade de terreos necesarios para poder iniciar as obras na contorna da Praza Victoria Cadaval. A Administración municipal informou que carecía das dúas últimas revisións do proxecto polo que non podía verificar os terreos, reiterando que o prazo permanecía vixente ata o 31 de decembro de 2020 e aínda estaba en prazo para remitir o acta de replanteo e informes sectoriais á Xunta de Galicia.





A pesar de que os sucesivos desencontros provocaron un recurso de casación presentado polo goberno local ante o Xulgado do Contencioso, alegando que a situación adoptada pola Administración autonómica estaba “fóra de dereito”, a administración local reclama esta humanización para mellorar a vida da veciñanza de Baiona.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai a Xunta de Galicia a ceder por medio dun convenio ó Concello de Baiona o proxecto da Segunda fase de Humanización de Sabarís da Praza de Victoria Cadaval ata parte da rúa Julián Valverde para mellorar as infraestruturas desta vila?

Pazo do Parlamento, 21 de xullo do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Patricia Otero Rodríguez

Eduardo Ojea Arias

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 21/07/2022 12:00:54**

**Patricia Otero Rodríguez na data 21/07/2022 12:01:02**

**Eduardo Ojea Arias na data 21/07/2022 12:01:13**



## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A atención primaria do sistema sanitario de Galicia está sendo un dos maiores problemas que ten a nosa comunidade autónoma.

Resulta necesario dotar aos centros sanitarios galegos do persoal suficiente para atender as necesidades de cada municipio conforme a súa poboación e ante o aumento desta durante a época estival. O Sergas ten que facer efectiva a substitución das baixas, das vacacións e das xubilacións dos facultativos para non interromper a atención aos e ás pacientes.

Neste contexto, en marzo de 2020 a Consellería de Sanidade decidiu que en Moaña non houbera Servizo de Urgencias tendo que ir a Cangas para as urxencias, servizo que tiñan dende sempre. A veciñanza entendeu que era unha medida transitoria, incluso aceptaron a decisión ante a situación motiva pola Covid -19.

A día de hoxe nesta vila seguen sen urxencias médicas e sen recuperar os ratios de consultas presenciais anteriores á pandemia, ademais de soportar atrasos moi importantes nas citas da atención primaria.

A falta de facultativos en Moaña provocou que o 20 de maio na Casa do Mar deste municipio non houbera ningún médico na quenda de tarde, polo que o Persoal de Servizos Xerais viuse obrigado a derivar ao Centro de Saúde de Cangas a todos os pacientes que se acercaban ó ambulatorio.

En Moaña só hai un doutor pola tarde para catro cupos. Esta situación vén dende outubro do ano pasado que non se repuxeron os dous médicos de tarde que marcharon co concurso de traslados. E agora, desde principios de maio agravouse toda esta situación na atención primaria desta vila pola baixa laboral doutro médico. Nestes momentos só hai unha doutora para cubrir os cupos dos catro facultativos que terían que consultar neste centro de saúde. Quedando sen atención médica 2.800 persoas de Moaña.



E isto todo despois de que no mes de abril o Sergas anunciara tres facultativos para a quenda de tarde neste centro de saúde.

A maiores, o 25 de maio o servizo de Urgencias de Cangas, que atende a veciñanza desta localidade e tamén á de Moaña desde a pandemia, ten só dous médico debido á baixa dunha das doutoras. Segundo informan os propios sanitarios, trátase dunha ausencia que xa estaba programada e que o Sergas, por primeira vez, négase a cubrir, o que deixa ás Urgencias con só dous facultativos dos tres que viñan tendo ata o de agora.

A Atención primaria desta vila cada vez vai a peor debido á política sanitaria do Goberno galego. Por este motivo, dende o Grupo Parlamentario Socialista reclamamos que coa maior brevidade vólvanse a abrir as urgencias e se cubran as prazas dos facultativos na quenda de tarde no municipio de Moaña, xa que están causando un gran malestar entre a súa veciñanza.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai a Xunta de Galicia a garantir a correcta e plena asistencia sanitaria na Atención Primaria cubrindo as prazas vacantes dos facultativos da quenda de tarde do Centro de Saúde de Moaña?

Pazo do Parlamento, 21 de xullo do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán  
Julio Torrado Quintela  
Marina Ortega Otero  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 21/07/2022 12:02:13**

**Julio Torrado Quintela na data 21/07/2022 12:02:20**

**Marina Ortega Otero na data 21/07/2022 12:02:28**



## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Moitos albergues de peregrinos empezan a colgar o cartel de completo na nosa comunidade. Están chegando centos de peregrinos e peregrinas a nosa terra e están tendo serios problemas para pernoctar nos albergues.

O Goberno autonómico debería ter algunha alternativa, porque xa aconteceu o mesmo o verán pasado, sen que dende a Xunta de Galicia se tomara ningún tipo de medidas ó respecto. Ante esta problemática na que nos atopamos, este ano tampouco existe ningunha alternativa para todos os turistas que están facendo o Camiño de Santiago e non teñen onde pasar a noite.

O Grupo Parlamentario Socialista demandamos a Xunta de Galicia a dar unha solución urxente a eses peregrinas e peregrinos que están facendo o Camiño de Santiago e atópanse có problema de non ter onde pasar a noite, creando malestar e queixas por parte destes turistas. Esta imaxe non é boa nin para o turismo, nin para o Xacobeo, nin para Galicia.

Nalgunhas vilas utilízase os pavillóns deportivos para grupos de peregrinos. Isto faise para afrontar o problema da pernoctación dos peregrinos e peregrinas que non caben nos albergues. Hai que deixar claro que os concellos non están obrigados a facilitar estes pavillóns, é máis, créase un problema porque impiden o desenvolvemento de prácticas deportivas por clubs que mesmo pagaron polo seu uso. A isto hai que engadir que algúns grupos non son respectuosos e deixan as instalacións en condicións que non son as óptimas para o uso dos pavillóns. Como se pode comprobar esta non é a solución.



Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten pensado a Xunta de Galicia algunha solución inmediata de aloxamento para que podan pernoctar os peregrinos e peregrinas cando non hai prazas nos albergues de peregrinos públicos?

Pazo do Parlamento, 21 de xullo do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán  
Martín Seco García  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 21/07/2022 12:03:32**

**Martín Seco García na data 21/07/2022 12:03:39**



## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago, Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

En decembro de 2016 o PP abandonou a asemblea de constitución da Área Metropolitana de Vigo, porque non ostentaban a maioría, rebentando o acto de constitución da Área Metropolitana. Nese acto, procédese de forma legal a constitución da Área Metropolitana e a elección do seu presidente na persoa do alcalde de Vigo.

A Xunta de Galicia paralizou esta constitución e elección do presidente da Área Metropolitana cun recurso contencioso administrativo, na súa estratexia de confrontación coa cidade de Vigo.

Segundo recolle a sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo: *“A convocatoria e celebración da sesión constitutiva da AMV, a constitución da súa Asemblea e a elección do seu presidente insírense no ámbito da organización das entidades locais, procedendo no noso caso declarar que os actos realizados para lograr ese obxectivo eran válidos”*.

O xulgado ratificou que a Área Metropolitana de Vigo constituíuse legalmente, e que a elección do presidente axustouse a dereito, pero que a lei impoñía unha condición de imposible cumprimento ao condicionar a constitución da Área á adhesión ao Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, que non existía. De acordo coa literalidade da sentenza sinala: *“é fundamental subliñar que o Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, non existe, nin como disposición administrativa, nin como acto administrativo xeral”*.

É hora de atender a unha realidade social, política e económica que hoxe funciona, inclusive sen ter o instrumento político e ao financiamento económico que correspondería á Xunta de Galicia.





A solución está en mans do goberno de Alfonso Rueda coa súa maioría parlamentaria, derogando o artigo que establece a integración de Vigo, como obrigatoria, nun Plan de Transporte Metropolitano de Galicia que non existe.

É unha decisión política que favorecerá aos 500.000 habitantes da Área Metropolitana de Vigo. Non atendela é atacar ao desenvolvemento económico da cuarta parte de Galicia. O novo goberno de Galicia de Alfonso Rueda pode rectificar este erro histórico.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai a Xunta de Galicia a derogar o artigo da Lei da Área Metropolitana de Vigo que condiciona a súa constitución á integración nun Plan de Transporte Metropolitano de Galicia que non existe, como recolle a sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo nº1 de Vigo?

Pazo do Parlamento, 21 de xullo do 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 21/07/2022 12:04:49**

**Noelia Otero Lago na data 21/07/2022 12:04:55**

**Paloma Castro Rey na data 21/07/2022 12:05:03**

**Pablo Arangüena Fernández na data 21/07/2022 12:05:13**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 21/07/2022 12:05:24**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es







**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/07/2022 12:20:35**  
**Nº Rexistro: 37720**  
Data envío: 21/07/2022 12:20:35.559

**Patricia Otero Rodríguez na data 21/07/2022 12:05:35**

**Eduardo Ojea Arias na data 21/07/2022 12:05:48**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)



## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Na vila de Redondela a estrada de titularidade autonómica PO-363, Avenida Mendiño, está totalmente abandonada. Unha rúa onde está situado o centro de saúde, os centros escolares, os pavillóns polideportivos e a piscina municipal, polo tanto unha estrada moi transitada pola veciñanza desta vila.

En outubro de 2020 o noso grupo parlamentario xa reivindicaba en Redondela o arranxo desta estrada e despois en marzo do ano pasado levamos á Comisión 2.<sup>a</sup> unha proposición non de lei para o arranxo da Avda. Mendiño, iniciativa que o PP votou en contra, argumentando escusas varias. Pasou máis dun ano desta iniciativa parlamentaria e esta estrada segue sen ser arranxada por parte da Xunta de Galicia.

Nas vésperas das eleccións municipais de 2019 o entón alcalde, Javier Bas e a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade Ethel Vázquez anunciaban as inminentes obras de remodelación da estrada PO-363, que segundo o ex-alcalde comezarían en xuño.

O Goberno municipal de Redondela leva máis de dous anos esixindo á Xunta de Galicia o cumprimento dese compromiso que adquiriron en 2019 con toda a veciñanza de Redondela. Este Goberno municipal leva cumprindo todos e cada un dos requisitos esixidos polo Goberno autonómico, incluído a retención de crédito, petición máis que cuestionable se se ten en conta que a Xunta de Galicia non explicaba, se pola súa banda contaba ou non con partida orzamentaria para a súa realización

O 24 de marzo de 2020 tivo entrada a comunicación dirixida a alcaldesa dende a Axencia Galega de Infraestruturas, na que se require a conformidade do Concello de Redondela co texto proposto de convenio para realizar obras para a mellora da seguridade viaria e reordenación da PO-363, treito Redondela - praia de Cesantes por un importe total de 1.594.713,10 €, así como a certificación da retención de crédito correspondente ao cofinanciamento da actuación por parte do Concello.



No que á conformidade do texto do convenio fai referencia, a secretaria municipal advertiu unha serie de cuestións xurídicas que, segundo a Lei de Réxime Xurídico do Sector Público “necesitaban da súa modificación ou incorporación ao texto do convenio” tales como a determinación nas cláusulas do convenio das competencias da Xunta de Galicia e Concello respecto a actuación de que se trata, tendo en conta, sinala o Concello “que neste caso a estrada obxecto de actuación (...) é de titularidade da Xunta de Galicia”.

Doutra banda, faise referencia a que o importe que corresponde ao Concello “correspóndese cos custos dos servizos municipais de abastecemento e saneamento, así como o 50 % do importe do alumeado, nas cláusulas do convenio se engadía a semaforización”. Nese senso, o Concello sinalaba que dita semaforización “non forma parte dos servizos municipais de prestación mínima, polo que debía eliminarse dita referencia”.

Tamén se indicaba que o texto do convenio non proveía a imputación orzamentaria concreta da achega da AXI de acordo co apartado d) do artigo 49 da Lei de Réxime Xurídico do Sector Público.

Todas estas apreciacións foron enviadas á Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia, mediante escrito da Alcaldía remitido o 16 de abril de 2020.

Polo tanto, a Administración local sinalaba que non procedía a emisión da retención de crédito da achega do Concello de Redondela, “ata ter o texto definitivo do convenio, xa que ademais podería incluso variar a contía da achega municipal definitiva, ao eliminar os custos correspondentes á rede semafórica, no seu caso”. Finalmente, o goberno municipal fixo esa retención de crédito que lle solicitaba a administración autonómica para comezar as obras nesta estrada. A día de hoxe esas obras aínda están sen facer.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai a Xunta de Galicia a incluír nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 un orzamento suficiente para executar as obras da estrada autonómica PO-363, que permitiría mellorar a mobilidade e seguridade en Redondela?

Pazo do Parlamento, 21 de xullo do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán  
Patricia Otero Rodríguez  
Eduardo Ojea Arias  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 21/07/2022 12:07:09**

**Patricia Otero Rodríguez na data 21/07/2022 12:07:16**

**Eduardo Ojea Arias na data 21/07/2022 12:07:26**



## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago e Marina Ortega Otero**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Nos últimos anos incrementouse de forma notable a demanda de prazas públicas nas escolas infantís. A conciliación familiar e laboral constitúe unha problemática na sociedade actual e un dos elementos fundamentais para facilitala é a oferta de prazas públicas.

Unha vez máis a Xunta de Galicia non está a cumprir coas súas obrigas nunha materia tan sensible como é a educación infantil. O Concello de Vigo é o que está a asumir, moi por enriba do que lle corresponde formalmente, o compromiso de dar resposta ás necesidades dos vigueses e viguesas nesta materia.

Nesta cidade a última escola infantil que puxo en funcionamento a Xunta de Galicia data do ano 2012. Neste mesmo período de tempo os gobernos socialistas municipais da cidade de Vigo, abriron cinco novas escolas infantís municipais: Navia, Mestres Goldar, Tomás Alonso, Bouzas e Bembrive.

Ante o referido aumento da demanda de prazas públicas, e pese a aposta do Goberno municipal polo aumento da oferta de escolas infantís nos derradeiros anos, aínda resultan insuficientes.

A Administración municipal é a única que está apostando pola conciliación e pola creación de novas escolas infantís ofertando máis prazas que a Xunta de Galicia, e creando novas escolas infantís para intentar solucionar a alta demanda dos vigueses e viguesas, algo que debería asumir o Executivo autonómico.

A irrupción da COVID-19 a principios do ano 2020 provocou un forte impacto sobre a economía española e da Unión Europea. O Goberno de España despregou dende o primeiro momento un importante paquete de medidas co fin de mitigar o impacto económico e social.

Por iso, ponse en marcha `por parte do Executivo central o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Neste contexto



aparecen os fondos Next Generation EU que proporcionan unha ocasión extraordinaria para o desenvolvemento deste plan.

O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia está fundamentado en catro eixos: transformación ecolóxica, transformación dixital, cohesión territorial, social e igualdade de xénero. Estes catro eixos orientan as dez políticas panca que determinan a evolución do noso país. Unha desas dez políticas panca é "Educación e coñecemento, formación continua e desenvolvemento de capacidades", que no seu punto número 21 fala da creación de prazas no primeiro ciclo de educación infantil de titularidade pública co fin de reducir as desigualdades de acceso e participación asociados ao nivel socioeconómico da familia. Outro aspecto fundamental é o papel que os equipamentos de educación infantil xogan para facilitar a conciliación familiar e a incorporación ao mercado laboral.

O Consello de Ministros vén de aprobar, o pasado mes de novembro, o reparto de 670,1 millóns de euros entre as comunidades autónomas para a creación de máis de 65.000 prazas públicas de educación infantil de 0-3 anos. A Xunta de Galicia recibirá un total de 34.845.042 millóns de euros para a creación de 3.417 novas prazas de educación infantil entre os anos 2021e 2023.

Dende o Concello de Vigo xa teñen iniciado todos os trámites para a creación dunha nova escola infantil na cidade. Esta escola estará situada na Praza da Industria e dará servizo a máis de 70 familias.

Ante a chegada a Galicia dos fondos aprobados polo Goberno de España, dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, desde o Grupo Parlamentario Socialista solicitamos que sexa a Xunta de Galicia a que financie a través destes fondos a creación desta nova escola infantil na cidade de Vigo.





Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai a Xunta de Galicia a financiar na súa totalidade a nova escola infantil da Praza da Industria en Vigo cos fondos que recibirá o Executivo autonómico da nosa comunidade autónoma do Goberno de España para a creación en Galicia de 3.417 prazas públicas de educación infantil de 0-3 anos?

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán  
Noelia Otero Lago  
Marina Ortega Otero  
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 04/01/2022 12:51:11**

**Noelia Otero Lago na data 04/01/2022 12:51:18**

**Marina Ortega Otero na data 04/01/2022 12:51:31**



## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

En Galicia é onde existe un maior número de redeiras de todo o territorio español, sendo un colectivo formado no 99 % por mulleres que desempeña de modo artesanal a súa actividade e constitúe un traballo imprescindible para a pesca e para o sector.

O seu labor de reparación e confección de redes diferentes en función do tipo da arte de pesca, da técnica de confección da rede, mesmo a petición do armador, é fundamental para que os labores da pesca se poidan levar adiante. A arte de reparación e fabricación de redes é un dos máis antigos oficios mariñeiros.

Durante moito tempo o labor deste colectivo de profesionais que conforma as redeiras resultaba descoñecido para moita xente, pouco visible e minusvalorado; na actualidade empézase a recoñecer o seu importante labor grazas á loita das propias redeiras pola defensa dos seus dereitos e intereses. As redeiras agrupáronse en asociacións e estas á súa vez en federacións. Actualmente, existen sete asociacións e unha federación de redeiras no territorio galego.

A profesionalización e unha formación regulada son necesarias para dar estabilidade ao colectivo e para garantir o relevo xeracional. As redeiras desenvolven un labor tradicional manual e altamente cualificado. O colectivo das redeiras galegas loitan para dignificar a súa profesión.

Os barcos que chegan a porto descargan as redes deterioradas e recollen aquelas que xa foran reparadas para volver faenar. Sen a actividade das redeiras os labores da pesca non se poderían levar a cabo. Ademais, representa unha das sinais culturais de Galicia, que non é outra que a actividade relacionada co mar.

A xornada laboral é de oito horas, normalmente de 09:00 a 13:00 e de 15:00 a 19:00, se ben, en moitas ocasións, teñen que traballar ata a completa reparación das redes para que o barco poida saír faenar e evitar a perda de ingresos dos mariñeiros.





O oficio de redeira adoita transmitirse entre mulleres da familia e na actualidade hai un sector envellecido, pola falta de substitución xeracional (a media de idade deste colectivo está entre os 45 e os 60 anos)

Tradicionalmente viñan realizando os seus labores no porto, no propio peirao e á intemperie. Hoxe, na maior parte dos portos onde traballan, dispoñen de naves onde poder desenvolver o seu labor profesional.

Naves que nalgúns casos non compren as mínimas condicións de traballo, como pode ser a nave de redeiras do municipio de Cangas. Estas profesionais atópanse nunhas condicións laborais lamentables, apenas hai sitio para traballar, non hai lugar para descansar e non teñen nin vestiarios para cambiarse, porque a nave é un almacén de redes, non unha nave para desenvolver o seu traballo dignamente.

A nave quédase pequena polo aumento da carga de traballo que tiveron nos últimos anos na vila de Cangas.

Dita nave é de Portos de Galicia, esta institución é que ten que facer as obras de ampliación e reforma para mellorar as condicións de traballo destas redeiras.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai Portos de Galicia a ampliar e reformar, o próximo ano a nave de redeiras de Cangas para que estas profesionais podan ter condicións dignas de traballo?

Pazo do Parlamento, 21 de xullo do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Patricia Otero Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 21/07/2022 12:22:19**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/07/2022 12:22:57**  
**Nº Rexistro: 37725**  
Data envío: 21/07/2022 12:22:57.744

**Patricia Otero Rodríguez na data 21/07/2022 12:22:28**

**Julio Torrado Quintela na data 21/07/2022 12:22:38**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

En decembro de 2020 a nova concesionaria, unión temporal de empresas Lugove, substituíu ás empresas ATSA e Melytour, despois de cincuenta anos ao fronte do servizo de autobuses que une Baiona, Nigrán e Gondomar con Vigo. “Os novos autobuses traerán importantes novidades para as persoas usuarias. Entre elas, tres liñas rápidas que permitirán aforrar, segundo os cálculos da Xunta de Galicia, ata máis de media hora por traxecto á cidade mediante a redución de paradas, e a entrada en funcionamento dunha liña circular que unirá os tres concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar” segundo anunciara nesas datas a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade

O novo contrato mantivo o ámbito xeográfico do anterior e reordenou as conexións entre o Val Miñor e o Baixo Miño con Vigo, dun xeito que afecta aos concellos da Guarda, Baiona, Gondomar, Nigrán, Oia, O Rosal, Tomiño e Tui. Os veciños e veciñas destas comarcas ían beneficiarse de melloras como máis desprazamentos directos á cidade a través de tres liñas de nova creación que se sumarían ás máis de 30 expedicións diarias ao Baixo Miño e ás máis de 80 miñoranas. A liña número 25 parte de O Rosal e percorre Tomiño e Gondomar ata Vigo. Reduciu o número de paradas de máis de 50 a 13 e cobrearía o traxecto nun tempo estimado dunha hora, 30 minutos menos do habitual. As liñas 26 e 27, que comunican a Guarda con Vigo pola costa, percorren distancias de 74 e 64 quilómetros con 16 e 15 paradas, respectivamente. As viaxes mantéñense en 1 hora e 20 minutos e reduciríanse en 40 minutos con respecto ás anteriores co mesmo percorrido, segundo os datos que ofreceu o departamento na súa presentación.

Estas melloras anunciadas en decembro do ano pasado pola Xunta de Galicia non se están a cumprir. As persoas usuarias da ruta Vigo - A Guarda quéixanse



continuamente de que non se cumpren os horarios, fundamentalmente na época estival e non se reduciu o tempo, as liñas non son mais rápidas como se anunciara fai un ano.

Outra queixa moi preocupante é que non se limpan os autobuses diariamente, só se fai os sábados. Coa anterior empresa de autobuses a limpeza dos vehículos facíase tódolos días por dentro e por fóra, nin tan sequera en plena pandemia da COVID- 19 limpáronse os vehículos todos os días.

E a maiores está o problema dos condutores e das condutoras; non teñen baños. Coa anterior concesionaria tiñan nas cabeceiras de cada liña tres baños para homes e dous para mulleres e 4 lavabos.

Estas reivindicacións as levan facendo desde fai un ano os usuarios e usuarias desta liña de autobuses sen que desde a Xunta de Galicia se faga absolutamente nada para dar solución a estas queixas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten pensado a Xunta de Galicia esixirlle á empresa concesionaria a garantir a limpeza diaria dos autobuses da empresa que realiza a liña Vigo – A Guarda?

Pazo do Parlamento, 21 de xullo do 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 21/07/2022 12:24:04**

**Patricia Otero Rodríguez na data 21/07/2022 12:24:11**





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/07/2022 12:25:54**  
**Nº Rexistro: 37726**  
Data envío: 21/07/2022 12:25:54.053

**Eduardo Ojea Arias na data 21/07/2022 12:24:24**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-40bkeCEpM-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

